

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1289) .- ACTA ANTERIOR. Apróbase da sesión extraordinaria e urxente do 29 de outubro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de outubro e extraordinaria e urxente do 5 de novembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1290).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA A SUBMINISTRACIÓN DE TRES SERVIDORES PARA DAR SOPORTE Á GRANXA VMWARE. EXPTE. 7063/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de asesoría xurídica do 29.10.14, e o informe de fiscalización do 5.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe adxunto do Servizo de Administración Electrónica, do 30.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 01 de outubro de 2014 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación da subministro de tres servidores para dar soporte a granxa Vmware corporativa do Concello de Vigo .

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- *Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 17 de xullo de 2014*
- *Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 01 de outubro 2014 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- *Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 28/10/2014 .*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto de data 28/10/2014 .*
- *Informe favorable ó expediente de contratación do Letrado-Asesor da Asesoría Xurídica de 29/10/2014.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de 07/02/2013 e de data 29/07/2014 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 01 de Outubro de 2014 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo xefa do servizo de contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 29/10/2014 , informes favorables ó expediente

de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporábase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto do subministro tres servidores para dar soporte a granxa de Vmware do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas de data 28/10/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 28/10/2014 .
2. Aproba-lo gasto de 55.000 € (con un I.V.E de 9.545,46 €) para a contratación do subministro de tres servidores para dar soporte a granxa de Vmware do Concello de Vigo con cargo a partida 92276260000 (Adquisición de equipos informáticos) do presuposto do ano 2014.
3. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1291).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO (29.08.14) DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2014. EXPTE. 101882/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, di 4.11.14, conformado pola

xefa de Benestar Social, o xefe de Área de dito Servizo e a concelleira delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 07.03.2014, acordou aprobar as «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2014».

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00, a cantidade de 50.000 € destinada, especificamente, a promover esta clase de proxectos sociais.

I.4. De acordo coas Bases e coa normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.5. As Bases foron integramente publicadas no BOP de Pontevedra nº 58, do 25.03.2014, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello. Tamén publicáronse anuncios na prensa local. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación no BOP.

I.6. Tal como se reflicte nas Actas da Comisión de Avaliación destas axudas de datas 03.07.2014, 14.07.2014 e 14.08.2014, durante ese prazo presentáronse un total de 62 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da LRX-PAC.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base reguladora décima, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29.08.2014 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 40.525,95 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2014, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IM- POR-TE SOLI- CI-TADO	PUNTOS OBTIDOS	IMPORTE SEGUN PUN- TUACION	CANTIDAD CONCE-DI- DA
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CO DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SALVORA"	G36733046	Inform e asesoramento en materia de tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual.	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	Ocio e tempo libre e adquisición de hábitos psíquico-físicos saudables	3.000,00	26	1.598,74	1.598,74
ALENTO – ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	información, atención e asesoramento específico a familiares de afectados de dano cerebral adquirido.	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - AFAGA	G36776920	información e asesoramento a cuidadores de persoas afectadas por algún tipo de demencia	2.882,10	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLOXIA – ASVIDAL	G36627453	contratación unidade de apoio programa capacitación e inserción sociolaboral	3.000,00	21	1.291,29	1.291,29
FUNDACION INTEGRAL Para la Discapacidad Intelectual	G36880615	autonomía doméstica para persoas con discapacidade intelectual	2.008,40	21	1.291,29	1.291,29
ASEM GALICIA – ASOC. GALEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691	REHActivándonos	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	Convivimos	1.500,00	21	1.291,29	1.291,29
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	Terapia ocupacional en pacientes con Parkinson	2.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. GALEGA DE XOGADORES ANONIMOS	G36730059	Asistencia psicolóxica específica adictos e familiares	2.000,00	23	1.414,27	1.414,27
SOCIEDAD S. VICENTE DE PAUL	G28256667	Asistencia alimentaria generalizada	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	Manutención dos voluntarios nos xogos autonómicos de baloncesto, Vigo 2014	900,00	21	1.291,29	900,00
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	Proxecto socioeducativo "Narúa"	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
ASOC. AUTISMO VIGO	G36849883	Acompañamento e autonomía persoal nas actividades de educación vial	2.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE AYUDA A LA VIDA	G36802536	Confección industrial de roupa deportiva	670,94	21	1.291,29	670,94
ASOC. ASPANAEX	G36605905	Obradoiro de estimulación: movemento e arte	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78
COGAMI PONTEVEDRA	G36704195	Psicomotricidade para persoas con discapacidade física	3.000,00	21	1.291,29	1.291,29
DOWN VIGO: ASOC. PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	Obradoiro de psicomotricidade	3.000,00	24	1.475,76	1.475,76
ASOC. DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	Fomento do tempo de lecer en persoas con enfermidade mental crónica	1.972,74	26	1.598,74	1.598,74
ASOC. DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	Obradoiro psicossocioeducativo para persoas con patoloxía dual	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. XARUMA	G27746486	Naturalmente: respiros fami-	2.000,00	22	1.352,78	1.352,78

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IM- POR-TE SOLI- CI-TADO	PUNTOS OBTIDOS	IMPORTE SEGUN PUN- TUACION	CANTIDAD CONCE-DI- DA
		liares para previs exclusion de persoas con enfermidade mental...				
AGRUPACION SO- CIO-DEPORTIVA ALTER- NATIVA (ASDAN)	G27776459	Vive deportivamente	1.500,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	Xerando redes de apoio II	1.750,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS- GALICIA	G36922045	Conociendo-M, espazo de en- contro para mozos e mozas adoptados	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
FEAFES GALICIA	G36620037	Progr. Integral de información y atención sociofamiliar a fa- milias, cuidadores e persoas con enfermidade mental	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78
ASOC. ARELA	G36846152	autonomía para adolescentes en situación de desprotección e/ou en conflito social	3.000,00	28	1.721,72	1.721,72
MEDICOS DO MUNDO	G79408852	Formación de axente de saú- de para persoas en situación de prostitución	1.138,66	26	1.598,74	1.138,66
APAMP – ASOC. DE FA- MILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CERE- BRAL	G36624120	Xente independente	2.000,00	21	1.291,29	1.291,29
FADEMGA FEAPS GALI- CIA	G36620037	Servizos de emprego e forma- ción do centro colaborador SPEG de FADEMGA	2.000,00	23	1.414,27	1.414,27
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUE- BLOS	G36797579	#Concectaxoven	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
CENTRO SOCIOCULTU- RAL R. VALLADARES	G36617082	Facilitando o acceso a educa- ción secundaria obrigatoria	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2014:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTA- CIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMA- CIÓN
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO - X.L. VIGO	G28197564	Edusa: Educacion para a saude en centros escolares e en centros de internamento en medio aberto	0	DESESTIMADA BASE 3.3
A-VV- O CARBALLO – SARDOMA	G36649325	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ANHIDA ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y/O DEFICIT DE ATEN- CION	G36938272	Talleres de verano y creatividad 2014	19	DESESTIMADA BASE 3.4
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	"Integramos"	0	DESESTIMADA 3.2

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMA- CIÓN
CARITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO	R3600368I	Prograin	0	DESESTIMADA 3.8
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	Festa XXI Aniversario	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. DE MULLERES DORNA	G36619468	alfabetización, informática e navegación en internet (II)	0	DESESTIMADA BASE 3.2 e 3
ASOC. DE VECIÑOS FONTE DO GALO	V36655017	Técnicas psicocorporales para maiores	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AVDC MONTE DA MINA DE CASTRELOS	G36623593	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AGRUPACION DEPORTIVA XOGARA	G36655033	O cachibol	0	DESESTIMADA BASE 3.2-1
ASOC. CULTURAL RECREATIVA DEPORTIVA "PARDAVILA"	G36648996	¿Quen coida ao coidador?	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. VECINAL MOVIMIENTO CIUDADANO "O NOSO BARRIO"	G36784296	Integración de presos en Coia	0	DESESTIMADO NON CUMPRIR CONDICIONS BASE 2
ASOC. VECIÑOS "AS FONTES" - VILAR	G36684991	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AVEMPO	G36816106	Apoio psicolóxico a afectados de esclerosis múltiple	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. ABOAL	G36806693	Xuntanzas familiares	15	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	G36657336	Obradoiros de envellecemento activo	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASOC. DIVERSIDADES	G27783950	Pregatirea Maine 2014	19	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	Xogos populares: estimulación cognitiva e motora no parkinson	0	DESESTIMADO BASE 6.g
AGADHEMO – ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	servizo de atención e información permanente	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA – ASDEGAL	G27727593	Acompañamento e coidado dos nosos maiores	0	DESESTIMADA BASE 3.8
AVCD. LAVADORES	G36633618	Espazo educativo para a capacitación e promoción da agricultura	0	DESESTIMADA BASE 3.2
REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	G36928646	Co-rresponsabilizando-nós	0	DESESTIMADA BASES 1 e 2
CENTRO RECREATIVO ARTISTICO CULTURAL DE CORUXO	G36627495	¿Quen coida ao coidador/a?	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AVCU CSCR DE BEADE	G36632081	"Enredando"	5	DESESTIMADA BASE 3.4

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMA- CIÓN
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	Proxecto novos vigueses	0	DESESTIMADA BASE 3.2
AFIBROPO - ASOC. DE FIBROMIALGIA DE PONTEVEDRA	G36846822	obradoiros de memoria	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASOC. BENEFICA BEIRAMAR DE VIGO	G36634608	Estudio & coaching	16	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. DE BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	Obradoiro educativo de alimentación saudabel para nais e pais e nenos/as escolares	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ACF O FIADEIRO	G36812204	Campamento urbano "as tradicións están na rúa"	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	Maiores con recursos	19	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. DA 3ª IDADE "NEVOX"	G36806222	Favorecendo a autonomía persoal "Curso tai-chi" para persoas maiores	0	DESESTIMADA BASE 3.3

1.8. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan no expediente. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de cinco (5) recursos, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar do 03.11.2014.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2014» (BOP nº 58, do 25.03.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Os cinco (5) recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 29.08.2014, desestimatorio da súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2014».

III.2. Os escritos de recurso cumpren todos eles cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polos responsables das respectivas entidades e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC e Base décimo terceira), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer os recursos presentados; recursos que propoñemos DES-ESTIMAR expresamente toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta plenamente axustado ás Bases das axudas, como a seguir se comprobará:

- Recurso de reposición presentado pola A.C.R.D. Pardavila (Rexistro xeral, 26.09.2014; Doc. nº 140115570; Notificación acordo XGL: 08.09.2014; Exp. nº 94577/301).

Fundamento: Entenden que os criterios e obxectivos perseguidos co seu proxecto “¿Quén coida ao coidador/a?” son acordes co que se recolle nas Bases (Base 2ª apdo. C): programas de apoio psicosocial para persoas en situación de dependencia...).

Resposta: Os programas de información e/ou formación dirixidos ó colectivo de persoas con discapacidade, familiares e coidadores son dos que, efectivamente, poderían beneficiarse das axudas desta convocatoria, de acordo co previsto na súa Base segunda. Sucede, sen embargo, que a Base novena establece claramente que “serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado 1” (criterios relacionados coa entidade) e a Base terceira (Apdo. 4) determina que serán desestimadas aquelas solicitudes de subvención que non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica. Pois ben, a solicitude da A.C.R.D. Pardavila non obtivo máis que 5 puntos nesos contidos relacionados coa propia entidade; puntuación desglosada do seguinte xeito: Antigüidade da entidade: 4 puntos; Adicación de recursos humanos ó proxecto: 0 puntos; Maior adicación de recursos técnicos: 1 punto; Maior consecución de recursos: 0 puntos; Achega financeira da entidade ó proxecto: 0 puntos. Por este motivo, a súa solicitude foi correctamente desestimada pola XGL.

Proposta: Desestimar o recurso.

- Recurso de reposición presentado pola A.VV. O Carballo, de Sárdoma (Rexistro xeral, 18.09.2014; Doc. nº 140111161; Notificación acordo XGL: 05.09.2014; Exp. nº 93743/301).

Fundamento: Entenden que os contidos e obxectivos do seu proxecto “¿Quén coida ao coidador/a?” corresponden perfectamente coas Bases destas subvencións (Base 2ª apdo. C): programas de apoio psicosocial para persoas en situación de dependencia...) e manifestan a súa disconformidade por entender que o argumento ofrecido para desestimar este proxecto é o de non acadar a puntuación mínima esixida, xa que os contidos e obxectivos corresponderían perfectamente coas bases redactadas para esta subvención.

Resposta: Os programas de información e/ou formación dirixidos ó colectivo de persoas con discapacidade, familiares e coidadores son dos que, efectivamente, poderían beneficiarse das axudas desta convocatoria, de acordo co previsto na súa Base segunda. Sucedede, sen embargo, que a Base novena establece claramente que “serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado 1” (criterios relacionados coa entidade) e a Base terceira (Apdo. 4) determina que serán desestimadas aquelas solicitudes de subvención que non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica. Pois ben, a solicitude da A.VV. O Carballo, de Sárdoma non obtivo máis que 5 puntos nesos contidos relacionados coa propia entidade; puntuación desglosada do seguinte xeito: Antigüidade da entidade: 4 puntos; Adicación de recursos humanos ó proxecto: 0 puntos; Maior adicación de recursos técnicos: 1 punto; Maior consecución de recursos: 0 puntos; Acheга financeira da entidade ó proxecto: 0 puntos. Por este motivo, a súa solicitude foi correctamente desestimada pola XGL.

Proposta: Desestimar o recurso.

- *Recurso de reposición presentado pola A.VV. As Fontes-Vilar, Gandarón (Rexistro xeral, 16.09.2014; Doc. nº 140109713; Notificación acordo XGL: 05.09.2014; Exp. nº 94579/301).*

Fundamento: Entenden que os contidos e obxectivos do seu proxecto “Coidate para coidar” están recollidos nas Bases destas subvencións e en total sintonía con eles (Base 2ª apdo. C): programas de apoio psicosocial para persoas en situación de dependencia...).

Resposta: Os programas de información e/ou formación dirixidos ó colectivo de persoas con discapacidade, familiares e coidadores son dos que, efectivamente, poderían beneficiarse das axudas desta convocatoria, de acordo co previsto na súa Base segunda. Sucedede, sen embargo, que a Base novena establece claramente que “serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado 1” (criterios relacionados coa entidade) e a Base terceira (Apdo. 4) determina que serán desestimadas aquelas solicitudes de subvención que non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica. Pois ben, a solicitude da A.VV. As Fontes-Vilar, Gandarón, non obtivo máis que 5 puntos nesos contidos relacionados coa propia entidade; puntuación desglosada do seguinte xeito: Antigüidade da entidade: 4 puntos; Adicación de recursos humanos ó proxecto: 0 puntos; Maior adicación de recursos técnicos: 1 punto; Maior consecución de recursos: 0 puntos; Acheга financeira da entidade ó proxecto: 0 puntos. Por este motivo, a súa solicitude foi correctamente desestimada pola XGL.

Proposta: Desestimar o recurso.

- *Recurso de reposición presentado pola Asociación de mulleres “DORNA” (Rexistro xeral, 25.09.2014; Doc. nº 140114905; Notificación acordo XGL: 05.09.2014; Exp. nº 94517).*

Fundamento: Xustifican o seu recurso na necesidade social da actividade proposta pola Asociación (“Alfabetización informática e navegación en Internet (Nivel II)”) e na conce-

sión o ano pasado dunha subvención para un curso de natureza semellante: "Alfabetización informática e navegación en Internet (Nivel I).

Resposta: Neste ano 2014 a Concellería de Política de Benestar xa ofertou, a través do seu Programa de Avellentamento activo, obradoiros de informática para persoas maiores. Non sucedera o mesmo en 2013, razón pola que nese exercicio sí se lle concedeu á Asociación DORNA unha subvención de 693,00 € para o desenvolvemento da actividade "Alfabetización informática e navegación en Internet" con cargo ás axudas a entidades desta Concellería. De acordo coas Bases aprobadas para 2014 (Base terceira; Apdos. 2 e 3), o proxecto presentado por esta Asociación debe desestimarse, por referirse a unha actividade que xa se está a executar este ano por esta mesma Concellería e, ademais, por gardar unha relación máis específica con outros programas municipais de subvencións dirixidos a asociacións e colectivos de mulleres, como poden ser as promovidas pola Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller.

Proposta: Desestimar o recurso.

- Recurso de reposición presentado pola Agrupación deportiva "XOGARA" (Registro xeral, 23.09.2014; Doc. nº 140114023; Notificación acordo XGL: 22.09.2014; Exp. nº 94575/301).

Fundamento: Solicitan "ver o baremo da concesión de estas subvencións para poder constatar ¿cómo unha actividade lúdica do cachibol (...) en qué área de este Concello ten maior encadre ca na dos servizos sociais" e que se xustifique por qué sí se lle concederon subvencións a outras entidades como ASDAN, DOWN Vigo, COGAMI e "Asociación de ayuda a la vida").

Resposta: Os criterios de baremación das solicitudes destas axudas recóllense na Base novena das «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2014». A aplicación da Base terceira, Apdo. 3, implica a desestimación da presentada pola Agrupación Deportiva "XOGARA", toda vez que unha actividade lúdico-deportiva como a proposta ("O cachibol") ten unha relación máis específica con outros programas municipais de axuda á práctica deportiva (p.ex. os promovidos pola Concellería de Deportes) que cos proxectos sociais subvencionables desde esta Área de Benestar Social. Ademais, tal como prevé a Base terceira, Apdo. 7, han ser desestimadas aquelas solicitudes que inclúan actividades propias de clubs deportivos, exceptuadas as dirixidas ós colectivos de persoas con discapacidade, como así sucede coa de ASDAN, que presentou un proxecto de integración socio-comunitaria dirixido a persoas que padecen unha doenza mental crónica (proxecto "Vive deportivamente"). As presentadas por DOWN Vigo e COGAMI teñen por obxecto o desenvolvemento de actividades de psicomotricidade para persoas con discapacidades e a proposta da "Asociación de ayuda a la vida" non é de carácter "deportivo", senón que ten por obxecto a realización de obradoiros de confección industrial de roupa (deportiva). Así pois, todas estas sí teñen encaixe nas Bases da convocatoria, a diferenza do que acontece coa da recorrente, que por iso foi desestimada.

Proposta: Desestimar o recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte.ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, os recursos potestativos de reposición presentados polas entidades A.C.R.D. Pardavila (Doc. nº 140115570), A.VV. O Carballo, de Sárdoma (Doc. nº 140111161), A.VV. As Fontes-Vilar, Gandarón (Doc. nº 140109713), Asociación de mulleres "DORNA" (Doc. nº 140114905) e Agrupación deportiva "XOGARA" (Doc. nº 140114023) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.08.2014 polo que se denegaron as súas solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro das «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2014».

SEGUNDA: Notificar este Acordo ás entidades recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1292).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 16199/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 10-10-2014, 14-10-2014, 28-10-2014, 30-10-2014, 02-10-2014 e 05-1-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 23-10-2014 e 31-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade a colexios públicos. (expediente 16199-332).”, no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	89,60
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	82,19
3	STRADIA	81,82
4	CIVIS GLOBAL SL	80,25
5	ORESA	76,28
6	EMERGIS	70,80

7	CONSTRUCCIONES CASTRO	65,77
8	NATURGALIA SL	31,86

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 651,02 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1293).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA PARA O XIMNASIO DO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3494/213.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 24-10-2014, 28-10-e 07-11-2014 e dos informes do xefe do servizo de Bombeiros de data 005-11-2014 e 07-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (expediente 3494-213)., no seguinte orde decrecente:

Manten, S.L 91,06 puntos.

Exercycle, S.L. 90,00 puntos

Telju Fitness, S.L 45,63 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, *Manten,S.L* para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 655,72 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1294).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E TRANSPORTE DE DESPRAZAMENTOS DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO- COÑECE A TÚA CIDADE”. EXPTE. 16213/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 21-10-2014, 24-10-2014, 30-10-2014, 05-11-2014 e 11-11-2014 e dos informes do Técnico do servizo de Educación de data 28-10-2014 e 06-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- : Dar conta a Xunta de Goberno da seguinte exclusión acordada pola Mesa de Contratación celebrada o 24-10-2014:

AUTOCARES LA FLORIDA S.L.: por incluír no sobre B datos que tiñan que incluírse no sobre C.

“Segundo.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por dentro coñece a túa cidade”. (expediente 16213-332).., no seguinte orde decrecente:

*AUTOS GONZALEZ , S.L. 98,25 puntos.
VIAJES MELYTOUR, S..L. ,84,33 puntos.
ÁLVAREZ VÁZQUEZ , S.L. 81,63 puntos
VDA. J. DOMÍNGUEZ, S.L. 64,02 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ , S.L para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 14 a) das FEC e seguro obrigatorio de vehículos de viaxeiros.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 631,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1295).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DOCENTE DO PROGRAMA XIMNASIA PARA MAIORES. EXPTE. 13287/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 21-10-2014, 28-10-2014, 05-11-2014, 07-11-2014 e 11-11-2014 e dos informes do xefe do servizo de Deportes de data 03-11-2014 e 07-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da seguinte exclusión acordada pola Mesa de Contratación celebrada o 28-11-2014:

CORE JOB SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA: por non declarar a solvencia económica, financeira e técnica de acordo co anexo II ao prego de cláusulas administrativas particulares

“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes do programa de ximnasia para maiores. (expediente 13287-333)., no seguinte orde decrecente:

1	PABLO CASAL NUÑEZ	96,00
2	EULEN S.A.	72,86
3	SENES CIT SL.	54,16

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Pablo Casal Nuñez para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 14 a) das FEC.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC e os que se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1296).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS S.L.U. EXPTE. 4959/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS, S.L.U. no que se solicita a devolución da fianza de 2.086,20 euros, constituída para responder de adquisición de discos flash alto rendemento para Base de Datos, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS, S.L.U. a fianza de 2.086,20 euros, constituída para responder de adquisición de discos flash alto rendemento para Base de Datos, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS S.L.U. EXPTE. 4960/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS, S.L.U. no que se solicita a devolución da fianza de 2.949,15 euros, constituída para responder de adquisición de un sistema de almacenamento físico dixital, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS, S.L.U. a fianza de 2.949,15 euros, constituída para responder da adquisición de un sistema de almacenamento físico dixital, xa que as obras foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES S.A. EXPTE. 7163/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 30.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.201,21 euros, constituída para responder do subministro da aplicación para a xestión do padrón municipal de habitantes, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. a fianza de 1.201,21 euros, constituída para responder do subministro da aplicación para a xestión do padrón municipal de habitantes, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES S.A. EXPTE. 7165/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 958,80 euros, constituída para responder do subministro de licencias de software windows 200 pro + word 2002, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. a fianza de 958,80 euros, constituída para responder do subministro de licencias de software windows 200 pro + word 2002, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES S.A. EXPTE. 7166/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 30.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. no que se solicita a devolución da fianza de 1.426,15 euros, constituída para responder de subministración e implantación dunha aplicación informática de administración de recursos humanos e nóminas, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. a fianza de 1.426,15 euros, constituída para responder de subministración e implantación dunha aplicación informática de administración de recursos humanos e nóminas, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

F) TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES S.A. EXPTE. 4878/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 30.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.438,97 euros, constituída para responder do subministro da aplicación para a levanza e desenvolvemento da recadación de ingresos, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a TECNICS AUTOMATIZACIO D'OFICINES, S.A. a fianza de 1.438,97 euros, constituída para responder do subministro da aplicación para a levanza e desenvolvemento da recadación de ingresos, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

G) API S.A. EXPTE. 5004/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 04.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 12.020,24 euros, constituída para responder de conservación e mantemento da sinalización vertical e horizontal, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. a fianza de 12.020,24 euros constituída para responder da conservación e mantemento da sinalización vertical e horizontal, xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

H) API S.A. EXPTE. 5005/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 04.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.081,18 euros, constituída para responder da subministración de bolardos e sinalización, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. a fianza de 1.081,18 euros, constituída para responder da subministración de bolardos e sinalización, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

I) API S.A. EXPTE. 5006/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 06.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 06.11.14, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 6.370,73 euros, constituída para responder de pintado e repintado da sinalización horizontal no termo municipal, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. a fianza de 6.370,73 euros, constituída para responder das obras de pintado e repintado da sinalización horizontal no termo municipal, xa que foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1297).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430 PARA A ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA DE MÚSICA CLÁSICA 2014”. EXPTE. 14769/331.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 24/10 e de fiscalización do 05/11, dáse conta do informe-proposta do 17/10, do xefe do servizo de Cultura, conformado polo xefe de Promoción Cultural e polos concelleiros de área e de Facenda, que di o seguinte:

“Con data 8 de outubro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 para a organización e realización do “Programa de música Clásica 2014”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430 foi creada o ano 2005, co a premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a apartir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

Na actualidade a seu elenco vai dende os 14 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ata os 55 que compón a formación sinfónica, segundo o repertorio a interpretar. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido.

O seu funcionamento e organización baséase no sistema de encontros puntuais periódicos, executando cada proxecto de xeito individualizado; conquerindo un maior enfoque no programa ademais de permitir a incorporación puntual ao proxecto de músicos invitados procedentes doutros ámbitos adecuados ao mesmo; e con elo reducir os altos custos de mantemento dunha orquestra de carácter estable.

Conforme a documentación aportada pola entidade da súa traxectoria artística abranque a execución de diversos concertos nas tempadas 2010, 2011, 2012 e 2013 no auditorio do Concello de Vigo, Circulo das Artes de Lugo, auditorio Martín Códax de Vigo, así como a execución de varios proxectos discográficos e gravacións xunto cos gañadores das tres últimas edicións do concurso de piano Ria de Vigo.

A Asociación Orquestra Vigo 430 está inscrita no rexistro municipal de asociacións co número 1169/12.

Programa de música clásica 2014:

Programa 01

Domingo 9 de febreiro ás 20:00 h. - Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo

G. F. Häendel: Concerto Grosso Op. 3 nº 2

Oda para o aniversario da Raíña Ana

J. S. Bach: Magnificat

Solistas: Carmen Subrido (Soprano)

Helena Abad (Soprano)

Nuria Lorenzo (Contralto)

Pablo Carballido (Tenor)

Axier Sánchez (barítono)

Coro: Gli Appassionati

Director: Alfonso Sebastián

Programa 02

Domingo 2 de marzo ás 20:00 h. - Auditorio Martín Códax – Conservatorio Superior de Música

Obras para violín de J. Sibelius 2 pezas Op.77 // 2 serenatas Op.69 //

Humoresques Op.87 e 89 // Suite Op.117

Solista: Nicolas Dautricourt (Violín)

Director: Alejandro Garrido

Programa 03

Martes 6 de maio ás 20:30 h. - Auditorio Martín Códax – Conservatorio Superior de Música

W. A. Mozart: Abertura de As vodas de Fígaro

L. van Beethoven: Concerto nº4 para piano e orquestra

J. Brahms: Sinfonía Nº1

Solista: Javier Perianes

Director: Alejandro Garrido

Programa 04

Martes 13 de maio de 2014 ás 20:30 h. Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo

G. Rossini: Abertura de L'italiana in Algeri

J. Brahms: Dobre concerto para violín e violoncello

R. Schumann: Sinfonía Nº2

Solistas: Gordan Nikolic (Violín)

Celine Flamen (Violoncello)

Directores: Gordan Nikolic

Alejandro Garrido

Programa 05

Domingo 16 de novembro ás 20:30 h. Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo

J. Eiras ESTREA ABSOLUTA Labirinto Azul (I) sobre o poemario Vindell

Solistas: Eliseu Mera (Barítono)

Beatriz Riobó (Soprano)

Hoffmeister Concerto para viola

Solista: Isabel Villanueva (Viola)

Dvorak Sinfonía nº 8 do novo mundo

Director: Gonzalo Berná

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 84.477,69€ (oitenta e catro mil catrocentos setenta e sete euros con sesenta e nove céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (82,86%), de 12.130,07€ (14,36%) cuotas asociados e usuarios e 2.347,62 € (2,78%) donacións e aportacións privadas.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Proxecto da actividade*
- *NIF do Presidente*
- *CIF da Asociación*
- *Estatutos da Asociación*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Certificación da axencia tributaria da exención do IVE*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de conformidade ao texto do convenio.*
- *Cronograma actualizado.*
- *Escrito de data 17 outubro de 2014 recibido por correo electrónico e remitido por Asociación Orquestra Vigo 430 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á "Programa de música clásica 2014" proposto polo Concello de Vigo.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A acción pública de fomento no ambito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas musicais promovidas pola entidade Asociación Cultural Orquestra Vigo 430 se encastra dentro das competencias municipais propias que por razón de materia ven determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL, conforme nova redacción dada pola Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes, en aplicación da Lei 27/2013 LRSAL.

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, para a organización do programa "Programa de música clásica 2014", obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demáis lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a Asociación Orquestra Vigo 430 deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu otorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 ten como obxecto financiar a organización do “Programa de música clásica 2014” e figura na partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 70.000€ (setenta mil euros) á Asociación Orquestra Vigo 430, NIF: G27743475, para o financiamento do “Programa de música clásica 2014”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Orquestra Vigo 430 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programa de música clásica 2014”.

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN
ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A
ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA DE MÚSICA CLÁSICA 2014”**

En Vigo, 00 de outubro de dous mil catorce

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 (CIF: G27743475), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle otorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Avda. de Fragoso, 31 - 9º B CP.36210 da cidade de Vigo, en adiante a ASOCIACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o “Programa de música clásica 2014”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do mesmo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de 00 de ____ de 2014.

TERCEIRO.- A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais “a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais”.

CUARTO.- Que a ASOCIACIÓN ven desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da música en xeral, promovendo o evento “Programa de música clásica 2014”

e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a ASOCIACIÓN e a Concellería para desenvolver o programa de actividades do "Programa de música clásica 2014", que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 84.477,69€ (oitenta e catro mil catrocentos setenta e sete euros con sesenta e nove céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (82,86%), de 12.130,07€ (14,36%) cuotas asociados e usuarios e 2.347,62 € (2,78%) donacións e aportacións privadas.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugares: Teatro do Centro Cultural Fundación Novacaixagalicia e Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música de Vigo).

Programa de música clásica 2014:

Programa 01

Domingo 9 de febreiro ás 20:00 h. - Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo

G. F. Häendel: Concerto Grosso Op. 3 nº 2

Oda para o aniversario da Raíña Ana

J. S. Bach: Magnificat

Solistas: Carmen **Subrido** (Soprano)

Helena **Abad** (Soprano)
Nuria **Lorenzo** (Contralto)
Pablo **Carballido** (Tenor)
Axier **Sánchez** (barítono)
Coro: **Gli Appassionati**
Director: Alfonso **Sebastián**

Programa 02

Domingo 2 de marzo ás 20:00 h. - Auditorio Martín Códax – Conservatorio Superior de Música
Obras para violín de J. **Sibelius** 2 pezas Op.77 // 2 serenatas Op.69 //
Humoresques Op.87 e 89 // Suite Op.117
Solista: Nicolas **Dautricourt** (Violín)
Director: Alejandro **Garrido**

Programa 03

Martes 6 de maio ás 20:30 h. - Auditorio Martín Códax – Conservatorio Superior de Música
W. A. Mozart: Abertura de As vodas de Fígaro
L. van Beethoven: Concerto nº4 para piano e orquestra
J. Brahms: Sinfonía Nº1
Solista: Javier **Perianes**
Director: Alejandro **Garrido**

Programa 04

Martes 13 de maio de 2014 ás 20:30 h. Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo
G. Rossini: Abertura de L'italiana in Algeri
J. Brahms: Dobre concerto para violín e violoncello
R. Schumann: Sinfonía Nº2
Solistas: Gordan **Nikolic** (Violín)
Celine **Flamen** (Violoncello)
Directores: Gordan **Nikolic**
Alejandro Garrido

Programa 05

Domingo 16 de novembro ás 20:30 h. Teatro do C. C. Novacaixagalicia de Vigo
J. Eiras ESTREA ABSOLUTA Labirinto Azul (I) sobre o poemario Vindell
Solistas: Eliseu Mera (Barítono)
Beatriz Riobó (Soprano)
Hoffmeister Concerto para viola
Solista: Isabel Villanueva (Viola)
Dvorak Sinfonía nº 8 do novo mundo
Director: Gonzalo Berná

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, baixo as ordenes de D. Francisco Javier Escobar Vidal que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
A tal fin a ASOCIACIÓN designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención ASOCIACIÓN da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
7. *A ASOCIACIÓN comunicará ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada e acordada coa Concellería.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se ASOCIACIÓN para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a ASOCIACIÓN ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que

abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, antes do 10 de decembro de 2014.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de ASOCIACIÓN.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).*
 - *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
 - *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, -agás que xustifique que ASOCIACIÓN exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Poste-

riormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizarlos nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento ASOCIACIÓN das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2014, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

*O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Festas e Museos
Cayetano Rodríguez Escudero*

*O presidente da Asociación Orquestra Vigo 430
Fancisco Javier Escobar Vidal"*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1298).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 5810/335.

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo vixente para o ano 2014, aprobadas polo Pleno con data 13/06/2014, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados polo concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos, o mes de outubro de 2014.

Expte: 5780/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE XILÓFAGOS NAS PARTITURAS DA ANTIGA BANDA DE MÚSICA ALMACENADAS NO SOTO 1.

Decreto concelleiro data: 27/10/2014

Informe Intervención: RCM 70022 e RC 74285

Adxudicatario: AGRONERGA SL

Importe total: 2.795,10 EUROS

Expte: 5797/335. CONTRATACIÓN DA PROXECCIÓN DA PELÍCULA "EL RAYO"

Decreto concelleiro data: 28/10/2014

Informe Intervención: RCM 73953

Adxudicatario: ALTUBE FILMEAK SL

Importe total: 4.840,00 EUROS

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente relación de contratos de gasto menor.

11(1299).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXVI MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS, O VINDEIRO DÍA 30 DE NOVIEMBRE. EXPTE. 13453/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD do 31/10, asinado polo secretario de Admon. Municipal o 11/11/14, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade deportiva Comesaña Sporting Club (CIF:G36645257) solicitou o día 10-10-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc140121988) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XXXVI MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS*
- *Data: 30 DE NOVIEMBRE DE 2014*
- *Horario: De 10.00h a 14.00h*

A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a Carreira XXXVI Memorial Belarmino Alonso de Campo a través, que comenará ás 10.15h e rematará ás 14.00h e que percorrerá por San Andrés de Comesaña (saída) o lado do campo de fútbol da Xunqueira pasando por debaixo do viaducto da VG20 ao lado da Avda. Ricardo Mella e seguindo polo Lagares ata a meta. Esta carreira contará con un total de 12 carreiras divididas en distintas categorías.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Mobilidade e Seguridade.*
- *Protección civil.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Comesaña Sporting Club, a organizar o vindeiro domingo 30 de novembro de 2014, o evento denominado XXXVI Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, a celebrar na cidade de Vigo, con saída de San Andrés de Comesaña e pasando por debaixo do viaducto da VG20 ao lado da Avda. Ricardo Mella para seguir polo Lagares onde rematará, o horario da carreira será entre ás 10.00h e as 14.00h.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1300).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á AGRUPACIÓN COLEXIO EL CASTRO CONSTITUÍDO POLA ORGANIZACIÓN DO XIX CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL. EXPTE. 13456/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/11/14, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e fiscalizado en data 04/11/014, que di o seguinte:

“Segundo consta neste expediente o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, impuxo un aval de 1.000,00€, á Agrupación Colexio El Castro, para responder por posibles estragos no parque de Castrelos con motivo da celebración do evento deportivo denominado XIX CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL, celebrado o pasado 12 de outubro de 2014.

O pasado 17 de outubro de 2014, o Xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe no que di que por parte dese servizo non existe inconveniente a que se proceda a devolución do aval, xa que non houbo danos nos espazos públicos utilizados.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno local a adopción da seguinte:

PROPOSTA:

Autorizar a devolución do aval de 1.000,00€, imposto polo servizo de Montes, Parques e Xardíns á AGRUPACION COLEXIO EL CASTRO, para responder por posibles danos no parque de Castrelos, con motivo do evento deportivo denominado XIX CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL celebrado o pasado 12 de outubro de 2014, xa que non houbo danos nos espazos utilizados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1301).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE CALIDADE DO AIRE NO CEIP LOPE DE VEGA. EXPTE. 15768/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/10, do xefe da área de Servizo Xerais conformado pola concelleira-delegada de Educación e informado xuridicamente o 31/10/14, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réximo Local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

ANTECEDENTES:

En data 10 de xaneiro de 2014 a Secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, solicita autorización para a instalación dunha estación de calidade do aire no CEIP Lope de Vega, xustificando esta ubicación en base a unha serie de estudos preceptivos e campañas de medicións; e en virtude do disposto tanto no RD 102/2011, do 28 de xaneiro e relativo á mellora da calidade do aire como na Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do medio ambiente atmosférico de Galicia.

En data 25/11/2013 a Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emite informe favorable acerca da ubicación da citada estación de calidade do aire no CEIP Lope de Vega, sempre que as instalacións cumpran cos requisitos de seguridade e saúde e non interfiran no normal funcionamento do centro educativo.

Na reunión do Consello Escolar de data 9 de setembro de 2013, según consta no certificado da secretaria do CEIP Lope de Vega, foi aprobada a instalación dunha caseta de medición de calidade do aire.

En data 4/02/2014 o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emite informe favorable, sen prexuízo das normas de seguridade, urbanísticas e reguladoras do patrimonio municipal que teñan que cumprir.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- *A ocupación da parcela na que está previsto ubicar a estación de calidade do aire solicitada pola Secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, implica un uso privativo do dominio público. É uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e e 75 RBEL).*

Segundo.- *É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos caso no que procedería a concesión administrativa.*

Terceiro.-O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.f da RBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

"Primeiro.- Autorizar en precario á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a **instalación dunha estación de calidade do aire** dentro do **recinto escolar do CEIP "Lope de Vega"** na ubicación indicada na súa solicitude e que conta tamén coa conformidade da comunidade educativa, sempre e cando se cumpran os requisitos de seguridade, urbanísticas e reguladores do patrimonio municipal que teñan que cumprir, así como o normal funcionamento do centro educativo.

Segundo.- Os equipos e medios necesarios para a instalación a realizar, así como os gastos de explotación e mantemento futuros serán competencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, e con sometemento ás seguintes condicións xurídicas e técnicas:

I. Condicións xurídicas:

1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar o espazo dentro do recinto escolar do CEIP "Lope de Vega", non implicando en ningún caso a cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.
2. A estación de calidade do aire utilizaráse exclusivamente para a prestación do servizo público da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin.
3. A estación de calidade do aire deberá estar en perfecto estado de conservación, procedéndose á reparación ou substitución dos mesmos en caso contrario. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderánlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.
4. O Excmo. Concello de Vigo reservarase a facultade de inspeccionar o estado da estación, a utilización da mesma aos fins autorizados e o estado da parcela sobre a que está instalada. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda á suá subsanación no prazo concedido ao efecto, procedéndose en caso contrario á revocación da autorización.
5. Para realizar calquera cambio de ubicación da estación é preciso solicitar previa autorización municipal.
6. Cando por necesidades desta Administración fora precisa a reubicación da estación, o seu traslado será por conta da Entidade autorizada.
7. A autorización outorgarase por prazo DUN ANO, prorrogable tácitamente por períodos anuais se non media deduncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima dun mes ao remate do prazo en vigor, ata un máximo de DEZ ANOS.

8. A presente autorización non será transmisíble a terceiros, nin susceptible de ser gravada con carga ningunha.

9. A autorización extinguiríase pola concurrencia de algunha das seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización.
- b) Renuncia da entidade á autorización.
- c) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
- d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- e) Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á entidade solicitante cunha antelación mínima de tres meses.

10. Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade solicitante procederá á retirada da estación instalada no recinto escolar, correndo cos gastos a cargo da mesma, debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1302).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 8.10.14 DE OUTORGAMENTO SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 11399/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/11, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado da área, que di o seguinte:

“Con motivo da tramitación dos expedientes de resolución na solicitude de subvencións para o fomento do emprego das entidades sen ánimo de lucro, a Xunta de Goberno Local do 8 de outubro de 2014 a proposta do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no expte: 11117/77, aprobou a concesión de subvención a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad (AJEVIGO) por importe de 20.635,62 constando un cuadro co listado de entidades.

Ante a detección dun erro no cif de identificación da entidade Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad (AJEVIGO), é preciso corrixir no programa de subvencións tipo IV, entidades empresariais, o dato correspondente a entidades AJEVIGO cif G36905040, sendo o correcto a seguinte denominación

TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)	
NOME ENTIDADE	CIF
AJEVIGO	G36801876

Polo anteriormente exposto e en base as competencias que en materia de contratación ostenta a Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte acordo:

Modificación na proposta e resolución, no apartado de programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro tipo IV (Entidades empresariais), debendo procederse aos cambios correspondentes segundo aparece reflectido no seguinte cadro:

TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)		
<i>NOME ENTIDADE</i>	<i>CIF</i>	<i>TOTAL RESOLUCION</i>
AJEVIGO	G36801876	20635,62

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1303).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RÚIDO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10365/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/11, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

"INFORME PROPOSTA:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción, a lo menos, cada cinco anos dende a data da súa aprobación.

3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008 aprobou o mapa de ruídos de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión, actualización, do mapa estratéxico de ruído da cidade de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de marzo de 2008.

4.- A Xunta de Goberno Local en data do 23 de novembro de 2009, acordou tomar coñecemento do Plan de Acción do Ruído no concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

5.- O Concello de Vigo: Servizo de Medio Ambiente, no ano 2013, encargou os traballos de revisión do plan de acción do ruído no Concello de Vigo á Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballo en decembro de 2013 que, tras o correspondente análise e correccións correspondentes, procede someter ao procedemento de aprobación.

6.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 08 de agosto de 2014 acordou:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, que revisa e modifica o aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2009, redactado pola Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con data de decembro de 2013, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 10365/306).

Segundo.- Someter o dito documento do plan de acción revisado ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións ou suxestións.

(...)”

7.- O Plan de acción someteuse a información pública por termo de un mes mediante a inserción de anuncio no BOP do día 23/09/2014 e no taboleiro de editos da casa do Concello. Tamén, se notificou o trámite de información pública a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, ós servizos municipais de Fomento, Seguridade, Xerencia de Urbanismo.

8.- Durante o trámite de información pública foi presentada unha alegación por dona Mary Sol Riveiro Rodríguez, Máximino García Hermida e Francisco Javier Fernández Davila (doc. 140128173).

9.- O equipo redactor do plan de acción emitiu informe sobre a alegación presentada en data do 11/11/2014.

II- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.

- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).

- Demais normativa de concordante aplicación.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación da revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, que se aprobou inicialmente e se someteu ó trámite de información pública, consiste nun documento no que se tratan seis apartados, co diversos subapartados:

- 1- Obxectivo do Documento.
- 2.- Descrición do Concello.
 - 2.1. Aglomeracións.
 - 2.2. Principais Eixos Viarios.
 - 2.3. Principais Eixos Ferroviarios.
 - 2.4.- Principais Aeroportos.
 - 2.5.- Outras fontes de ruído.
 - 2.5.1. Actividade industrial.
 - 2.5.2. Zonas de Ocio.
- 3.- Autoridade responsable.
- 4.- Contexto xurídico e valores límite.
 - 4.1. Lexislación Europea.
 - 4.2. Lexislación Nacional.
 - 4.3. Lexislación Autonómica.
 - 4.4. Lexislación Local
- 5.- Resultados da labor do cartografado do ruído.
 - 5.1.- Datos de superficie exposta.
 - 5.2.- Datos de poboación exposta.
 - 5.3.- Determinacións de problemas e situacións a mellorar.
- 6.- Medidas correctoras.
 - 6.1. Medidas xa aplicadas para reducir o ruído.
 - 6.2. Actuacións previstas a curto prazo.
 - 6.3. Actuacións previstas a longo prazo.
 - 6.4. Redución estimada de probación afectada.

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 14 táboas, 40 figuras e 17 gráficas.

A documentación consta en soporte papel (dous exemplares) e en soporte dixital (dous exemplares en CD). No contido dos Cds consta, tamén, a versión da memoria en lingua galega e en lingua castelá. Ademais, achegouse documentación dos traballos e fases previas ao documento definitivo.

2.- Contidos da revisión:

Os aspectos esenciais da revisión do plan de acción contra o ruído, refírense ao estudo das modificacións producidas na cidade dende a data da súa aprobación no ano 2009 (datos do ano 2007) ata a data da actual revisión (datos do ano 2012 recollidos na revisión do mapa de ruídos), nos aspectos que a continuación se citan de forma sucinta:

- Datos demográficos: Manexáronse datos de poboación existente a decembro de 2012 segundo o padrón municipal de habitantes, cun aumento significativo da poboación en parroquias máis afectadas polo ruído (ex. Vigo centro) en detrimento doutras zonas.
- análise da superficie e poboación exposta
- Infraestruturas do transporte: análise dos principais eixos viarios da cidade: AP 9, A-55, VG-20, AG-57, avda. Madrid, avda. de Gran Vía, avda. Arquitecto Palacios, avda. Castrelos, avda. Castelao, avda. Beiramar, outras vías.....
- Incidencia dos principais eixos ferroviarios, aeroportuarios, focos industriais (Porto de Vigo, Zona Franca, Parque Tecnolóxico...), centros hospitalarios e docentes.

3.- Metodoloxía:

A metodoloxía utilizada de avaliación baséase no determinado na Directiva 2002/49/C, a Lei 37/2003, e o RD 1513/2005 e mantéñense os métodos de cálculo utilizados no documento vixente.

Os parámetros de avaliación do ruído ambiental son os determinados nas citadas normas:
Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.
Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.
Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.
Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústico establecidos na lei e recollidos no mapa e plan de acción son:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas

ZONAS DE SENSIBILIDADE ACÚSTICA					
TIPO	DESCRIPCIÓN	SECTORES	<i>Ld</i>	<i>Le</i>	<i>Ln</i>
A	Alta sensibilidade acústica	Áreas sanitarias, docentes, culturais e espazos protexidos	60	60	50
BB	Sensibilidade acústica moderada	Vivendas, hoteis e zonas de especial protección	65	65	55
CC	Baixa sensibilidade acústica	Sector hostaleiro, centros comerciais, etc.	70	70	60
D	Zonas de servidume	Sector industrial e infraestruturas	75	75	65

4.- Análise de resultados

As conclusións globais relativas ao termo municipal, comparando a situación actual (datos 2012) coa recollida no plan de acción do ano 2009 (datos 2007), que citamos sucintamente, son as seguintes:

- Superficie exposta: Apréciase unha redución aproximadamente dun 4% da superficie exposta a niveis de ruídos superiores a 55 dBA. As parroquias máis afectadas polo ruído son as que abranguen a zona urbana central da cidade.

O 61% da superficie do municipio presenta un *Lden* superior a 55 dBA, cifra lixeiramente inferior ao 65% obtido en 2007. Do mesmo modo, a porcentaxe de terreo exposta a niveis *Lden* superiores a 65 dBA baixa do 24% en 2007 ao 18% en 2012, mentres que só un 3% da superficie total presenta niveis por enriba de 75 dBA ao longo de todo o día

- Poboación exposta: Incremento da poboación exposta a ruído de tráfico debido maiormente ao incremento do censo de poboación declarado en zonas con altos niveis de ruído: Plan Parcial de Navia e Centro de Vigo. Neste sentido, o 63% da poboación de Vigo está exposta a niveis de ruído *Lden* superiores a 65 dBA. O 5% soportan diariamente niveis de ruído superiores aos 75 dBA.

- Foco de ruído dominante: tanto por solo exposto coma por poboación, o tráfico por estrada é o foco dominante do ruído no concello de Vigo que supón máis do 93% do total, ao igual que acontece no resto de grandes cidades de España.

- Obsérvase unha diminución na intensidade de tráfico en xeral, tanto nos accesos á cidade coma no centro. Como resultado, existe unha lixeira redución nos niveis de emisión debido ó tráfico, que se aprecia claramente na porcentaxe de solo exposto, aínda que estes non se viron reflectidos en canto ao nivel de poboación exposta, polas razóns antes citadas -aumento da poboación na zona central da cidade e Navia-.

- Existe un incremento importante de zonas humanizadas, peonís, con limitación de velocidade a 30 km/h e a conseqüente redución dos niveis de ruído (redución de solo exposto).

- As situacións a mellorar céntranse, fundamentalmente, en:

- No ruído do tráfico das vías de titularidade estatal VG-20 e VI-30, no entorno do Plan parcial de Navia, que afecta aos edificios cuxas fachadas están expostas aos ruídos destas vías, superiores aos obxectivos de calidade acústica.
- No ruído do tráfico da AP-9V de entrada na cidade polo norte, de titularidade estatal, que afecta aos edificios máis próximos cuxas fachadas están expostas aos ruídos destas vías, superiores aos obxectivos de calidade acústica.
- Novo hospital de Vigo en Babio, Beade, límite coa parroquia de Valadares, prevese coa posta en marcha deste novo hospital, un incremento de tráfico na estrada Clara Campo Amor e na VG-20, no entorno do novo Hospital, polo é preciso actuar con antelación neste ámbito -vías de acceso- para garantir os obxectivos de calidade acústica.
- Avda. Arquitecto Palacios, primeiro cinto de Vigo, debido ao incremento do tráfico, en especial, coa apertura do centro comercial Gran Vía e edificios anexos, elevou a intensidade de tráfico na zona e, en consecuencia, os niveis de ruído.
- Redución do ruído do tráfico nas zonas máis expostas, tanto en superficie como en poboación, e que se concentran na zona centro de Vigo e Coia.

- Detállanse as medidas aplicadas para reducir o ruído nestes anos: declaración de zonas ZAS e protexidas, humanizacións de importes rúas centrais da cidade con incrementos de zonas peonís, ordenación do tráfico con redución velocidade limitada a 30 km/h, repavimentado de rúas con mellor absorción do ruído, colocación de badéns, barreiras acústicas, ..., modificación da ordenanza municipal sobre a protección contra a contaminación acústica.

- Sinálanse unha serie de medidas a curto e a longo prazo, con actuacións administrativas, formativas, de obras de humanizacións de rúas en execución e das previstas cara o futuro con redución do ruído do tráfico, de repavimentado de rúas que xunto con outras medidas complementarias nas vías estatais citadas acadarían unha importante diminución de poboación e superficie exposta.

5.- A documentación revisada contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental), en particular, o contido establecido no anexo V do citado Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

IV.- ANÁLISE DA ALEGACIÓN PRESENTADA NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

- Alegación presentada por dona Mary Sol Riveiro Rodriguez e outros (doc. 140128173).

Exponse sucintamente o contido e petito da alegación: a referida asociación, expón as molestias que lle produce a pista polideportiva situada en San Miguel de Oia pegada a súa vivenda que lles causa gran cantidade de ruído durante todo o día e ben entrada a madrugada, toda vez que esta se encontra aberta a calquera hora e público. Que nos últimos anos se fai un mal uso da pista tendo que soportar a grupos de chavales montando botellón e que unha vez bebidos se adentraban nesta xogando ó balón a altas horas da madrugada. Que lle chegan balóns a súa propiedade por encima da verxa existente con perigo para a súa persoa. Que presentaron diversos escrito no Rexistro do Concello solicitando a toma de medidas correctoras ou ben o cambio de uso da zona que ocupa a pista, sen obter resposta. Que trasladaron a súa reclamación ó Valedor do Pobo. Que o ruído producido é moi forte, irregular e non constante, a intervalos irregulares de segundos. Que solicitou unha mapa acústico da zona e non recibiu resposta e que ditos mapas podían extrapolar a outras zonas da cidade de pistas polideportivas. Que se trata dunha pista municipal que carece de proxecto e de estudo de impacto ambiental.

Pide que a situación e fácil de arranxar para o Concello de Vigo con traslado da pista a unha zona dotacional, xa prevista, a escasos 300 m do emprazamento actual.

- Análise da alegación.

Tal e como informou o equipo redactor do plan de acción, criterios que comparten o técnico que subscribe, a Lei 47/2003, de 17 de novembro, do ruído establece nos seus artigos 14.1.a), 16 e disposición adicional primeira, a obrigatoriedade de elaboración de mapa estratéxico e ruídos das aglomeracións de máis de 250.000 habitantes en 2007 e a súa correspondente revisión en 2012, o que cumpriu esta administración municipal.

O mapa de estratéxico de ruídos do Concello de Vigo e a súa revisión xa foron aprobados nas datas que se sinalan nos antecedentes deste informe, sen alegacións, e tralo correspondente período de exposición pública, momento no que puideron presentarse alegacións respecto do seu contido.

Con todo, cómpre indicar en relación ao mapa de ruído da zona que:

Os obxectivos dos mapas estratéxicos de ruído, segundo a normativa estatal, é obter avaliacións globais da exposición á contaminación acústica e posibilitar a adopción fundada de plans de acción en materia de contaminación acústica, que permitan afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica das diferentes áreas.

O niveis de ruído son obtidos por predición a partir dunha media anual dos datos de entrada (especialmente, tráfico, focos industriais, ferrocarril, etc...) e na zona da referida alegación so se tivo en conta como fonte de ruído o do tráfico rodado que atravesa a rúa Ricardo Mella o ser único significativo globalmente.

A vixente normativa sobre ruído non recolle métodos para a avaliación e caracterización acústica de forma obxectiva de pistas polideportivas. De todas formas, aínda que existisen eses métodos, no Mapa de Ruídos Estratéxico do Concello de Vigo, a pista polideportiva, como fonte de ruído, non sería apreciable dentro do mapa, xa que sería caracterizada como unha media anual do ruído que orixina esta, parámetro que, ó entender do equipo redactor, non representaría un nivel salientable. Como ben se indica na alegación, a natureza do ruído e irregular e non constante, ademais de ser circunstancial e ocasional polo que cómputo nunha hipotética media anual non arroxaría datos significativos para ter en conta nun mapa.

Polo que respecta ó documento de revisión do plan de acción reflicte as medidas a adoptar e as accións a desenvolver para mitigar os niveis de ruídos ós que se está exposta a poboación do Concello de Vigo de forma global, detectadas no mapa estratéxico de ruídos aprobado que non recolle o caso que nos ocupa polos motivos antes expostos.

Con todo no apartado 6.2.- do documento de revisión do plan de acción sobre actuacións previstas a curto prazo, na sección de Actuacións administrativas, si existe a inclusión dun Plan de concienciación cidadá que podía minguar a problemática exposto, ademais, de por suposto, incidir nos mecanismos de control de cumprimento das ordenanzas locais, en particular, das de convivencia e ocio e a de contaminación acústica.

Polo exposto, non procedería nin modificar o plan de acción nin elaborar un mapa de ruídos localizado da área, sen prexuízo do procedemento legalmente establecido que deban seguir os diversos escritos presentados polos alegantes respecto da queixa polos ruídos irregulares e non constantes que poida producir o uso -ou mal uso- da pista polideportiva.

PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN

O artigo 24 da Lei 47/2003, de 17 de novembro, do ruído sinala que os plans de acción haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse tralo trámite de información pública por un período de un mes.

No presente caso, aprobado inicialmente o documento de revisión e tralo trámite de información pública por termo de un mes, procede sometelo a aprobación definitiva, con resolución de alegación presentadas, ó órgano competente.

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial, o disposto no Artigo 24 da L.37/2003, do 17 de novembro, do ruído e o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

- PRIMEIRO:** Desestimar a alegación presentada por dona Mary Sol Riveiro Rodríguez e outros no Rexistro Xeral do Concello o 23/10/2014 (doc. 140128173) no trámite de información pública da revisión do Plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, polos fundamentos de feito e dereitos que se sinalan na parte expositiva deste acordo.
- SEGUNDO:** Aprobar definitivamente o Plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, que revisa e modifica o aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2009, redactado pola Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con data de decembro de 2013, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 10365/306).
- TERCEIRO:** Remitir este acordo e a documentación da revisión en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.
- CUARTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.
- QUINTO:** Comunicar este acordo e datos recollidos na revisión do plan de acción ao Ministerio de Fomento os efectos de adopción medidas naquelas estradas da súa titularidade co obxecto do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica.
- SEXTO:** Notificar ós alegantes e publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vigo para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 59.6.a) e 60.1. "in fine" da LRXAP-PAC, e informar aos interesados que contra o presente acordo, poderán interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa publicación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado, tamén, desde o día seguinte ao da publicación."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1304).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 5201/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/11/14, dáse conta do informe-proposta do 05/11/14, do xefe do servizo de Limpeza, conformado polo concelleiro-delegada da área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“Antecedentes:

1. D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur España S.L., presentou o 21 de outubro do 2014 un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, con número de documento 140127146, no que solicitaba a 12ª revisión ordinaria do prezo do contrato polo servizo de “instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras dentro de termo municipal de Vigo”.
2. A anterior revisión ordinaria do prezo do contrato (11ª dende o inicio) aprobouse en sesión da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro do 2014. Esta revisión do prezo fíxose efectiva para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2013 e o 30 de setembro de 2014 por un importe de 3.050.899,25€/ano (IVE do 10% engadido).
3. A revisión solicitada actualmente, unha vez aprobada polo organo de Contratación, suporá un novo prezo anual do contrato con efectos dende o 1 de outubro do 2014 ata o 30 de setembro do 2015.
4. A unión temporal de empresas Contenur (60%) e Otto Industrial (40%), foi adxudicataria do concurso por acordo plenario de 29 de xullo do 2002, asinando o contrato o 30 de setembro dese mesmo ano e iniciando a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte.
5. Posteriormente, en data 1 de xuño do 2009, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cesión da participación da empresa Otto Industrial a favor de Contenur, polo que esta última é neste momento a adxudicatara única.
6. A variación interanual do IPC entre setembro de 2013 e setembro de 2014, que corresponde co período de cálculo para a revisión solicitada, foi do **-0,2%** segundo a información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.
7. Neste contexto de subida de prezos negativa, o importe do contrato da concesionaria deberá reducirse consecuentemente.

Fundamentación xurídica:

A revisión ordinaria do prezo, solicitada pola empresa concesionaria, está prevista na cláusula VI do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula este contrato, na que se establece expresamente que:

- A revisión Ordinaria do prezo do contrato terá carácter anual.
- A dita revisión Ordinaria efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos ao Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo o precepto citado.

Cálculo da revisión do prezo do contrato:

- O importe actual do prezo do contrato é: 3.050.899,25€/ano, IVE 10% engadido.
- O IVE soportado por esta administración é:277.354,48€/ano.

- Importe actual do prezo do contrato sen IVE: 2.773.544,77€
- Importe do prezo do contrato actualizado (IPC **-0,2%**): 2.767.997,68€
- O importe anual actualizado incluído o IVE 10%: **3.044.797,45€**
- IVE a soportar por esta administración: 276.799,77€/ano.

- *Importe da actualización (01/10/2014 a 30/09/2015):* -6.101,80€
- *Importe da actualización imputable ao exercizo 2014*
(01/10/2014 a 31/12/2014): -1.525,45€
- *Importe da actualización imputable ao exercizo 2015*
(01/01/2015 a 30/09/2015): -4.576,35€

Atrasos

Non procede o cálculo de atrasos dado que neste momento non se tramitou a factura correspondente ao servizo prestado no mes de outubro do ano 2014.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte acordo:

1. *Aprobar a 12ª revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, cuxa concesionaria é a empresa CONTENUR, S.L., fixando o mesmo, a partir do 1/10/2014 ata o 30/09/2015 en **3.044.797,45€/ano**, IVE 10% engadido, o que supón un aforro global de 6.101,80€/ano respecto do prezo actual."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1305).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN EN DIVERSOS ACCESOS, RÚAS E CAMIÑOS DE VIGO. EXPTE. 2721/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área e informado xuridicamente en data 07/11/14, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 23 de maio de 2014 aprobou as seguintes memorias valoradas:

MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: AVDA. ATLÁNTIDA ALCABRE, cun orzamento de base de licitación de 50.000,00 € IVE engadido (expte. 2619/443); RÚA ENTRADA Á Balsa-MATAMÁ, cun orzamento de base de licitación de 30.000,00 € IVE engadido (expte. 2620/443); RÚA BRAVO-NAVIA, cun orzamento de base de licitación de 17.000,00 € IVE engadido (expte. 2621/443); CAMIÑO OIA E CAMIÑO ROZO, cun orzamento de base de licitación de 30.000,00 € IVE engadido (expte. 2622/443); RÚA EIRAVELLA-SAIÁNS, cun orzamento de base de licitación de 30.000,00 € IVE engadido (expte. 2623/443); SUBIDA Á ROLA-SAN ROQUE, cun orzamento de base de licitación de 50.000,00 € IVE engadido (expte. 2624/443); ESTRADA MARCO-SÁRDOMA, cun orzamento de base de licitación de 27.000,00 € IVE engadido (expte. 2625/443);

CAMIÑO PINGUELA-VALLADARES, cun orzamento de base de licitación de 40.000,00 € Ive engadido (expte. 2626/443).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2014 aprobou o PROXECTO DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA NO ACCESO AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA, cun orzamento de base de licitación de 110.000,00 € Ive engadido (expte. 2607/443).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 3 de xuño de 2014 aprobou o PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS EN SAN COSME-ZAMÁNS, cun orzamento de base de licitación de 65.000,00 € Ive engadido (expte. 2618/443).

Estase rematando a tramitación da licitación das obras mencionadas.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

-Nomear como dirección facultativa das obras aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1306).- CESIÓN DE USO DA PLANTA 2ª DO EDIFICIO Nº 2 DA RÚA CÁNOVAS DEL CASTILLO Á ENTIDADE INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES, NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCERTADO CO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11515/101.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, do xefe do servizo de Patrimonio conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“Normativa de aplicación.

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*

- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 29 de agosto de 2014 aprobou o proxecto de Convenio de Colaboración entre o Concello e INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, sendo asinado o mesmo en data 10 de outubro do 2014. Constando informe favorable da Asesoría xurídica e da intervención xeral.

Segundo.- Segundo resulta do seu texto, o obxecto do convenio é articular a colaboración do Concello de Vigo e Instituto de Estudos Vigueses para impulsar o programa de actividades e o funcionamento do instituto correspondente o ano 2014, seguindo unhas liñas xerais consistentes na edición, publicidade e o proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo así como a realización de conferencias e outras actividades culturais. (Clausula Primeira).

Na súa clausula séptima contempla que o Concello de Vigo pora a disposición do Instituto de Estudos Vigueses o local situado no segundo andar do Edificio situado en Canovas del Castillo nº 2 de Vigo, para a execución dos traballos de interes municipal regulados no presente convenio, mediante outorgamento da autorización administrativa que debера solicitar esta entidade.

Terceiro.- Polo técnico da oficina de patrimonio e do inventario municipal, achegouse en data 4.08.2014 a ficha de dito inmovible municipal que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 3 de maio de 1993 no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000020 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída por planta de 161.00 m2, e distribuído en 6 plantas.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O concello é propietario do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000020 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída por planta de 161.00 m2, e distribuído en 6 plantas.

Segundo.- O Instituto de Estudos Vigueses é unha entidade de natureza privada, de carácter cultural, sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro municipal de asociacións co nº 1172/12 por Resolución do Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado de data 11.10.2012.

Terceiro.- A natureza demanial co que figura rexistrada no inventario de bens a propiedade municipal, aínda que non responda na actualidade a planta 2º obxecto de cesión, a unha adscripción ou afectación determinada a prestación dun servizo público municipal, e polo contrario se prevea polo Concello, no marco do convenio concertado, seu destino e dedicación a uns determinados fins culturais de interes público que se concretan no seu clausulado, esixe en atención a dita calificación, a suxeción os principios e reximen xurídico de aplicación os bens de dominio público (art. 5 e 6 LPAP), debendose naqueles casos nos que se prevea, na execución dun proxecto ou plan municipal, o acceso ou utilización privativa ou especial por terceiros que excluan ou limiten o xeral que correspondelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender o reximen xurídico previsto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP), entre o que se atopa a autorización administrativa a que fai mención a clausula sétima do Convenio.

Cuarto.- Conseqüentemente, no presente caso, a utilización pola entidade interesada, do local municipal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o

aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

Neste ámbito xurídico, establécese no art. 90.1 a posibilidade do outorgamento da autorización do uso sobre bens afectos ou adscritos, a prol de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas. Norma que, aínda non sendo de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas, a teor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

Por outra banda, contemplase a posibilidade do otorgamento directo destas, no que atinxe ás autorizacións administrativas (art.92), e que no presente caso traería causa do Convenio de colaboración asinado e no que contemplase a posta a disposición de dita entidade do local municipal para o desenvolvemento e execución dos traballos regulados no seu clausulado e que consideranse como de interes municipal (Clausula Setima).

Quinto.- A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, as fixadas no Convenio e as particulares seguintes:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso das plantas 2ª, do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase co único fin de ser dedicada, pola entidade usuaria, á execución dos traballos de interes municipal previstos e regulados no marco do Convenio de Colaboración asinado para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, e con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- A autorización concedese polo prazo de vixencia do Convenio de Colaboración, quedando resolta á extinción deste.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de 15 días, por razóns de interese público, sen que se xenere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou á propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.*
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.*
- Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.*
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.*

8º.- A realización de obras de adaptación, reparación ou mellora no local requeriran da preceptiva autorización municipal que con carácter previo debera solicitarse pola interesada e ser otorgada por esta administración. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo trancurso do prazo outorgado.
- A extinción ou resolución anticipada do Convenio de Colaboración.
- A dedicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da entidade cesionaria.

11º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá ao seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, no prazo dunha semana dende a data da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren.

Sexto.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos municipais, a planta 2ª do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade de Vigo, de propiedade municipal.

Segundo.- Poñer a disposición do INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES o uso da planta 2ª de dito inmovible, otorgandoselle ó efecto a correspondente autorización administrativa, consonte o disposto no Convenio de Colaboración de data 10.10.2014.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso das plantas 2ª, do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmovible.

2º.- A autorización outórgase co único fin de ser dedicada, pola entidade usuaria, á execución dos traballos de interese municipal previstos e regulados no marco do Convenio de Colaboración asinado para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, e con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- A autorización concedese polo prazo de vixencia do Convenio de Colaboración, quedando resolta á extinción deste.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de 15 días, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- *Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou á propiedade municipal, na súa condición de usuario.*

7º.- *Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:*

- *Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.*
- *Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.*
- *Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.*
- *O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.*

8º.- *A realización de obras de adaptación, reparación ou mellora no local requiriran da preceptiva autorización municipal que con carácter previo debera solicitarse pola interesada e ser otorgada por esta administración. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.*

9º.- *A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.*

10º.- *Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:*

- *Polo transcurso do prazo outorgado.*
- *A extinción ou resolución anticipada do Convenio de Colaboración.*
- *A dedicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.*
- *A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da entidade cesionaria.*

11º.- *Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, no prazo dunha semana dende a data da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren.*

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos quince días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

Quinto.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1307).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A FUNCIONARIO CON POSTO NA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 42407/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do intendente da Policía Local de data 05/11/14, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

O pasado 23 de abril de 2014 notificouse ao funcionario de policía con nip 294373 a orde do Oficial responsable de Denuncias para que a maior brevidade fixera entrega dos boletíns de denuncia que a continuación se expresan, acompañados de parte de servizo explicativos das circunstancias polas que aínda non entregara eses boletíns recollidos no ano 2013:

1594619 5; 1594624 9; 1594625 6; 1596444 1 ata o 1596450 2, ambos inclusivos; 1599726 5 ata 1599745 6 ambos inclusive.

Dita orde foi reiterada de xeito verbal pasados unhas días nos vestuarios da Xefatura, sin que ata a data se teña cumprido o mandato.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- A orde notificada por escrito o 23 de abril de 2014, contén un mandato claro, terminante, de entrega a maior brevidade os boletíns de denuncias que se relacionan e que foron asignados no ano 2013 sin que foran devoltos polo expedientado.

A orde foi impartida polo Oficial no exercicio lexítimo das funcións propias do seu cargo e resulta adecuada a dereito, estando encamiñada tanto a fiscalizar a legalidade na persecución das infraccións de tráfico como a procurar que non se extinga o exercicio da potestade sancionadora do Concello en materia de tráfico polo transcurso dos prazos establecidos no procedemento sancionador.

A día de hoxe o mandato contido na orde segue sen cumprirse, polo que os feitos poden constituir unha falta grave de “desobediencia aos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles”, tipificada no art. 80, b) da Lei 4 /2007, do 20 de abril de Coordinación de Policías Locais.

De conformidade co art. 83 da mesma disposición, polas faltas graves pódese impoñer as seguintes sancións:

- 1.º) Suspensións de funcións dende 5 días ata un ano
- 2.º) Inmobilización na escala por un periodo non superior a cinco anos
- 3.º) Traslado a outro posto de traballo dentro da mesma localidade.

Segundo.- Conforme ao disposto no artg. 127.1 h) da Lei 7/85 de base do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia en materia de réxime disciplinario.

Terceiro.- Dacordo co art. 120 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007, na mesma resolución de incoación do procedemento hase nomear instrutor e secretario para a tramitación.

O nomeamento de Instructor debe recaer, con arranzo á disposición reglamentaria, en persoal funcionario pertencente á categoría ou escala superior á do presunto infractor, procurando que o nomeamento recaiga en persoal funcionario das escalas superior e técnica cando existan.

En virtude de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro Delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1. Ordenar a incoación de expediente disciplinario o funcionario de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Policía Local, nip 294373, en base aos seguintes feitos:

“ Desobedecer a Orde impartida polo oficial con nip 294268 e notificada ao interesado o 23/04/2014, de que a maior brevidade entregara os boletíns de denuncias que a continuación se indican, debendo acompañar a cada boletín un parte de servizo explicativo das circunstancias concurrentes no retraso:

1594619 5; 1594624 9; 1594625 6; 1596444 1 ata o 1596450 2, ambos inclusives; 1599726 5 ata 1599745 6 ambos inclusive.

Os feitos poden constituir unha falta grave de “ desobediencia aos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles”, tipificada no art. 80, b) da Lei 4 /2007, do 20 de abril de Coordinación de Policía Locais.

Segundo o art. 83 da mesma disposición, polas faltas graves pódese impoñer as seguintes sancións:

- 1.º) Suspensións de funcións dende 5 días ata un ano
- 2.º) Inmobilización na escala por un periodo non superior a cinco anos
- 3.º) Traslado a outro posto de traballo dentro da mesma localidade.

2. Nomear instrutor do procedemento ao Inspector Principal da Policía Alberto Freire Estévez e secretario ao Inspector Santiago Arenas Villarroel.

3. Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e o funcionaria de policía expedientado aos efectos legalmente previstos.

Notifíquese asimismo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1308).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS, CORRESPONDENTES AOS MESES DE MAIO E SETEMBRO-2014. EXPTE. 25740/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da técnica de Formación conformado pola xefa de área e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; fiscalizado o 10/11/14 e ampliado o informe o 11/11/14 e di o seguinte:

“Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da area correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de maio e setembro-2014 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Limpeza, Parque Central e Parque Móbil. Ademais inclúese no presente expediente, relacións de horas realizadas por don Jesús Iglesias Lorenzo e don Alfonso Comesaña Cabezas, realizadas entre os anos 2010 e 2013, que deberán ser aboadas por motivo da xubilación de ditos funcionarios ante a imposibilidade de ser compensadas con descanso por necesidades do servizo, por un total de 146,45 horas e 61,00 horas respectivamente.

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
140118427	Alcaldía (Condutores)	Setembro-2014	168'00	
140118978	Extinción de Incendios	Setembro-2014	1.868'00	
140120262	Policía Local (Xulgados)	Setembro-2014	712'00	
140120256	Policía Local (Horas en exceso)	Setembro-2014	324'26	
140069666	Inspección Vías e Obras	Maio-2014	89'00	25012-220
140118689	Ospio	Maio-2014	80'00	25014-220
140094786	Vías e Obras	Maio-2014	55'00	25015-220
140119019			155'00	
140119849	Limpeza	Maio-2014	28'00	25016-220
140117477			41'00	
140106127	Parque Central	Abril-2014	60'00	
140117482		Maio-2014	54'00	
140117530		Maio-2014	39'00	25100-220
140106110	Parque Móbil	Abril-2014	40'00	25317-220
140117484		Maio-2014	30'00	

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta co resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítese o correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 40.616,03 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004,

de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Setembro-2014	168'00	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Setembro-2014	1.868'00	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Domínguez, Manuel
Policia Local (Xulgados)	Setembro-2014	712'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vila Campos, Francisco José
Policia Local (Horas en exceso)	Setembro-2014	324'26	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Verde Vieitez, José Manuel
Inspección Vías e Obras	Maio-2014	89'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Maio-2014	80'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Maio-2014	55'00 155'00	De Alonso Iglesias, Manuel a Rodríguez Rocha, Rodrigo
Limpeza	Maio-2014	28'00 41'00	De Fernández Pérez, Fernando a Quintas Pérez, Manuel
Parque Central	Abril-2014 Maio-2014 Maio-2014	60'00 54'00 39'00	De Comesaña Davila, José A. a Troncoso Martínez, Avelino
Parque Móbil	Abril-2014 Maio-2014	40'00 30'00	De Amoedo Moreira, José Luis a Gil González, Antonio
Policia Local	Anos 2010-2013	146'50	De Iglesias Lorenzo, Jesús
Policia Local	Anos 2011-2012	617'55	De Comesaña Cabezas, Alfonso

O montante do presente expediente ascende a un total de 40.616'03 €”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1309).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 25828/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/11/14, da xefa de área de Réxime Interior, conformado polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado o 10/11/14, que di o seguinte:

“Con data 04/11/2014, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remitiu a este Servizo de Recursos Humanos acordo adoptado pola mesma en sesión do 28/10/2014, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais :

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
------	-----	------------	-------

BUGALLO CORRALES JOSE ELIAS	36142415	79109	1.200,00 €
EXPOSITO OLALLA LIDIA	36089121	80478	400,00 €
FARO CHAMADOIRA ANGELES	36033947	15071	2.000,00 €
LOPEZ SANTANA ANTONIO	36157712	79359	1.500,00 €
MAGDALENA VILA M ^a JESUS	36025359	13161	1.600,00 €
MARIÑO VILLANUEVA JULIA	36045806	22361	1.500,00 €
MOLINA MAGDALENA FERNANDO	36065820	77043	700,00 €
RODRIGUEZ CAEIRO JAVIER	36130786	78769	360,00 €
SUMA TOTAL			9.260,00 €
SOLICITUDES DENEGADAS			
BARCIELA FERNANDEZ DORINDA – denegado cubre S. Social			
PORTABALES GONZALEZ MONSERRAT – denegado socio-sanitarias			
RODRIGUEZ SANCHEZ JOSE – denegado socio-sanitarias			

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2013 -prorrogado-.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2013.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

VI.- *Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 28/10/2014 por un importe total de 9.260,00 € (NOVE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
BUGALLO CORRALES JOSE ELIAS	36142415	79109	1.200,00 €
EXPOSITO OLALLA LIDIA	36089121	80478	400,00 €
FARO CHAMADOIRA ANGELES	36033947	15071	2.000,00 €
LOPEZ SANTANA ANTONIO	36157712	79359	1.500,00 €
MAGDALENA VILA M ^a JESUS	36025359	13161	1.600,00 €
MARIÑO VILLANUEVA JULIA	36045806	22361	1.500,00 €
MOLINA MAGDALENA FERNANDO	36065820	77043	700,00 €
RODRIGUEZ CAEIRO JAVIER	36130786	78769	360,00 €
SUMA TOTAL			9.260,00 €

Segundo.- Denegar as seguintes solicitudes polos motivos que se especifican:

- Dña. Dorinda Barciela Fernández, denegada por cubrila a seguridade social.*
- Dña. Monserrat Portabales González, denegada axuda socio-sanitaria.*
- D. José Rodríguez Sánchaz, denegada axuda socio-sanitaria.*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1310).- RECTIFICACIÓN ERRO, RELATIVO Á GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL CEMITERIOS-SETEMBRO 2014. EXPTE. 25839/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de área e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 24/10/2014, acordou recoñecer e aboar a don Gumersindo Manuel Rosende Rios, a cantidade de 552,70 €, de gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual do persoal do servizo de Cemiterios, correspondente ao mes de setembro de 2014.

En dito acordo debería figurar don José Luis Hermida Rodríguez (nº persoal 13570), segundo relación remitida con data 4 de outubro de 2014, polo servizo de Cemiterios, pero debido aun erro mecanográfico no informe-proposta deste servizo de Recursos Humanos non se fixo constar.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

*Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 14 de outubro de 2014, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/10/2014 (Expte. 25745/220- Gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual do persoal do servizo de Cemiterios, correspondente ao mes de setembro de 2014) polo que se aprobou o aboamento da cantidade de 552,702 € a D. Gumersindo Manuel Rosende Rios, funcionario do Servizo de Cemiterios, cando deberían figurar don José Luis Hermida Rodríguez (nº de persoal 13570), por importe de 552,70 €”.

Segundo.- *Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.*"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(1311).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DITADAS POLO
CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL**

**A) CUMPRIMENTO DE RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN GENERAL DE LA
MUTUALIDAD DE FUNCIONARIOS CIVILES DEL ESTADO. EXPTE.
25680/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 0911/14, que di o seguinte:

"Con data 1 de xullo de 2014, tivo entrada a través do Rexistro Xeral deste Concello "Resolución de la Dirección General de la Mutualidad de Funcionarios Civiles del Estado", sobre cotizacións mutuais correspondentes a D. Xesús Ignacio López Carreira dende 29.07.2007 a 10.06.2011.

O Sr. López Carreira foi membro da Corporación dende 16.06.2007 ata 10.06.2011, sendo a súa situación administrativa por ser funcionario, a de servizos especiais.

Por isto, de conformidade co previsto no art. 9.2 do Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo aprobado por R.d. 375/2003, na situación administrativa de servizos especiais conserva a condición de mutualista en alta obrigatoria e tal como establece o art. 2.1 do citado regulamento, as cotizacións son obrigatoria.

En consecuencia deberá procederse ao abono das cotas adeudadas a MUFACE por un importe de 1.957,74 € e solicitar á Seguridade Social a devolución de cotas así como proceder a anulación de Altas-Bajas no réxime xeral.

Así mesmo, de conformidade co previsto nos arts. 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, deberá efectuarse a fiscalización previa do gasto pola Intervención Xeral constatando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 91201600000 "Seguridade Social Alcaldía", expedindo documento contable RC, incorporado ao expediente.

En atención ao antedito, e considerando a obriga de cotización que establece o art. 23.1 do Regulamento Xeral do Mutualismo administrativo aprobado polo R.d. 375/2003; no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confiren á Alcaldía-Presidentencia no art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que ostenta o Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal por delegación do Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 29/07/2014 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 30/07/2013), sométese a súa consideración a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- *Dar cumprimento á resolución da "Dirección General de la Mutualidad de Funcionarios Civiles del Estado", de 18.06.2014, sobre cotizacións mutuais de D. Xesús Ignacio López*

Carreira, correspondentes ao período 29.07.2007 a 10.06.2011, e autorizar un gasto por importe de 1.957,74 €.

Segundo.- *Autorizar un gasto 1.957,74 de € a nome de “MUFACE ORGANISMOS”, en concepto de cuotas.*

Terceiro.- *Ordear un pagamento de 1.957,74 € A “MUFACE ORGANISMOS”, con cargo á partida orzamentaria 91201600000 do vixente orzamento, que deberán ser ingresados mediante transferencia bancaria na conta nº: ES61 9000 0001 2002 0000 6987, especificando en concepto: “cuotas Xesús Ignacio López Carreira”.*

Cuarto.- *Ordear que unha vez efectuado o pago deberán remitirse ao Servizo de Recursos Humanos xustificación do mesmo.*

Quinto.- *Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social deberá solicitarse á Tesourería Xeral da Seguridade Social a anulación de Altas-Baixas no réxime xeral de D. Xesús Ignacio López Carreira, así como a devolución de cotas correspondentes.*

Sexto.- *Da presente resolución dese traslado a MUFACE, Xefatura de Réxime Interior (Xefatura da Area), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social), Intervención Municipal e Tesourería Municipal aos efectos que procedan.*

Sétimo.- *Dar conta da presente e ratificación se procede á Xunta de Goberno Local.*

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 10/11/14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) RESOLUCIÓNS DO 16/10 E DO 31/10, SOBRE PERMISO NON RETRIBUÍDO A D^a ROSA M^a GAMALLO. REY. EXPTE. 25719/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.10.14, que di o seguinte:

“Con data 22 de outubro de 2014, polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal dictouse resolución pola que se autorizaba a D^a Rosa María Gamallo Rey, con NIF 35451918-V, un permiso sen soldo do 17/11 ao 28/11/2014, por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Detectado erro nas datas, dado que ditos permisos disfrutaranse en períodos mínimos de 15 días, debendo figurar do 17/11 ao 01/12/2014.

Por isto, ao obxecto de subsanar dito erro e de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local e de conformidade decreto de 29/07/2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/2014, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- *De conformidade co previsto no art. 105.2 da lei de rexime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo, proceder a corrección das datas do permiso sen soldo autorizadas por resolución de 20/10/14 a D^a Rosa María Gamallo Rey, con NIF 35451918-V e número de persoal 82180, que serán do 17/11 ai 01/12/2014.*

Segundo.- *Dese conta da presente resolución á interesada, Sra. Concelleira-Delegada da Área de Política de Benestar, Sr. Xefe da Área de Benestar, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local.*

Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Con data 31.10.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

24(1312).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) IMPERNOSA S.L. EXPTE. 90088/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

En data 08 de xullo de 2014 por parte de Impernosa, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Barcelona, 44, (expte 89755/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Impernosa, S.L., en data 06 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 25 de agosto de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Impernosa, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de xullo de 2014 por Impernosa, S.L., con NIF B-36182798, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Barcelona, 44, por non producirse danos.

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

B) CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ S.L. EXPTE. 90165/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 23 de xullo de 2014 por parte de Construcciones Sito y Fernández, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Poboadores, 34, (expte 89936/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Construcciones Sito y Fernández, S.L., en data 14 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 25 de agosto de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Construcciones Sito y Fernández, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de xullo de 2014 por Construcciones Sito y Fernández, S.L., con NIF B-36769883, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Poboadores, 34, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

C) ORECO S.A. EXPTE. 90213/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 26 de xullo de 2013 por parte de Oreco, S.A., constituíuse un aval de 12.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López de Neira, 2, (expte 86400/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Oreco, S.A., en data 28 de xullo de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 25 de agosto de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Oreco, S.A., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de xullo de 2013 por Oreco, S.A., con NIF B-36614691, por un importe de 12.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López de Neira, 2, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente

D) LIMPIEZA Y APLICACIÓN DE PINTURA INDUSTRIAL Y NAVAL S.L. EXPTE. 90215/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 10 de xullo de 2014 por parte de Limpieza y Aplicación de Pintura Industrial y Naval, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Victoria, 1, (expte 89721/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Limpieza y Aplicación de Pintura Industrial y Naval, S.L. en data 05 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 25 de agosto de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Limpieza y Aplicación de Pintura Industrial y Naval, S.L. a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de xull de 2014 por Limpieza y Aplicación de Pintura Industrial y Naval, S.L., con NIF B-36616282, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Victoria, 1, por non producirse danos.

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente.

E) ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA. EXPTE. 90226/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 18 de agosto de 2014 por parte da Asociación de Comerciantes del Pau de Navia, constituíuse un aval de 1.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública polo evento “VICUS SPACORUM”.

Finalizada dita reserva especial de vía pública polo evento, a Asociación de Comerciantes del Pau de Navia, en data 25 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 18 de setembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Asociación de Comerciantes del Pau de Navia, a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de agosto de 2014 pola Asociación de Comerciantes del Pau de Navia, con NIF G-27767656, por un importe de 1.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública polo evento “VICUS SPACORUM”, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

F) CIVIS GLOBAL S.L. EXPTE. 90252/210.

“Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

En data 31 de xullo de 2014 por parte de Civis Global, S.L., constituíuse un aval de 50.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Segunda República, 2, (expte 89980/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Civis Global, S.L. en data 26 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 27 de agosto de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Civis Global, S.L. a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de xullo de 2014 por Civis Global, S.L., con NIF B-36684157, por un importe de 50.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Segunda República, 2, por non producirse danos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

G) IGNACIO FERNÁNDEZ LORENZO. EXPTE. 90315/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 18 de agosto de 2014 por parte de Ignacio Fernández Lorenzo, constituíuse un aval de 2.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Paz Andrade, 6, (expte 90163/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Ignacio Fernández Lorenzo, en data 28 de agosto de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 02 de setembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Ignacio Fernández Lorenzo, a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de agosto de 2014 por Ignacio Fernández Lorenzo, con NIF 36041658-Z, por un importe de 2.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Paz Andrade, 6, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente

H) BASILIO FERNÁNDEZ BARROS. EXPTE. 90477/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 04/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 29 de abril de 2014 por parte de Basilio Fernández Barros, constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Elduayen, 19, (expte 88956/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Basilio Fernández Barros, en data 10 de setembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 18 de setembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 02 de outubro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Basilio Fernández Barros a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de abril de 2014 por Basilio Fernández Barros con NIF 35530257-H, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Elduayen, 19, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

I) ASPANAEX. EXPTE. 90996/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 04/11/14, dáse conta do informe-proposta do 05/11/14, da xefa de Seguridade conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 22 de setembro de 2014 por parte da Asociación ASPANAEX, constitúuse un aval de 4.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública pola realización dun evento no Parque de Castrelos (expte 89015/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública polo evento a Asociación ASPANAEX, en data 27 de outubro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 04 de novembro de 2014, o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública.

En data 04 de novembro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Asociación ASPANAEX a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 22 de setembro de 2014 pola Asociación ASPANAEX, con NIF G-36605905 por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública polo evento no Parque de Castrelos, por non producirse danos.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente

25(1313).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14694/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/10/14, dáse conta do informe-proposta do 06/10/14, do xefe dos Servizos Enerxéticos, asinado polo asesor xurídico e conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“Con data 23 de decembro de 2013 o Concello de Vigo asinou o contrato de subministro de enerxía eléctrica para as distintas dependencias do Concello de Vigo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescripcions técnicas aprobados previamente pola Xunta de Goberno. Dito contrato foi adxudicado a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión do 22 de decembro de 2013 e cun prazo de duración dun ano prorrogable por un período da mesma duración.

O contrato comezou o 1 de xaneiro de 2014 e remata con data 31 de decembro de 2014 e este Servizo de Enerxía entende que debería prorrogarse por un período igual, tal como se contempla no Prego de cláusulas administrativas que rexe o mesmo, xa que a empresa subministradora comprométese a manter os mesmos prezos do contrato para o período de prórroga.

A empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A adxudicatária do contrato, da a súa conformidade á prórroga do mesmo, obrando o documento de prórroga coa conformidade da mesma tanto para os subministros en baixa tensión como para os de media tensión tal como se indica non escrito que presentou no Rexistro do Concello con data 3/10/2014.

Os consumos e importes estimados para o período de prórroga do contrato (1 ano), tanto para os subministros de baixa como de media tensión son os que se indican no cadro seguinte, aos que se lle aplicará a baixa do 7,86 % ofertada pola empresa adxudicataria.

Taboa 2: Prezos enerxía			
Prezos en céntimos de €/kWh (sen imposto de electricidade sen IVE, sen recargos, sen custes por cambios de potencia...)			
Tarifa	Período	Consumo (KWh)	Prezo máximo en céntimos de euro
2.1A	P1	536212	15,5913
2.1DHA	P1	2.235.194	17,9453
2.1DHA	P3	6.462.683	8,6913
3.0A	P1	1.720.466	18,0548
3.0A	P2	4.301.037	13,9663
3.0A	P3	3.489.127	8,3477
3.1A	P1	947.770	14,3085
3.1A	P2	1.651.549	12,581
3.1A	P3	1.406.190	8,6685
6.1	P1	256.934	17,782
6.1	P2	323.200	14,501
6.1	P3	169.603	11,9706
6.1	P4	198.409	9,8079
6.1	P5	295.944	9,0767
6.1	P6	1.065.062	7,3081
Total P1		5.160.364	
Total P2		6.811.998	
Total P3		11.527.603	
Total P4		198.409	
Total P5		295.944	
Total P6		1.065.062	
TOTAL CONSUMO ENERXÍA		25.059.380	

Nestos prezos inclúese o aluguer dos equipos de medida para todos os subministros obxecto do contrato.

Atendendo ao consumo estimado, o importe do contrato para o ano 2015 ascendería a 4.114.885 euros, IVE engadido e as partidas presupostarias que darían cobertura a este gasto serían as que se indican no cadro seguinte:

Aplicación presupostaria	Ano 2015
1710.221.00.00 (Parq. - Xardíns)	67.697,00 €
3210.221.00.00 (Educación)	539.117,00 €
3410.221.00.00 (Deportes)	245.382,00 €
9220.221.00.00(Dependencias)	835.938,00 €
1650.221.00.00 (alumeado público)	2.012.123,00 €
3420.221.00.00 (IMD)	414.628,00 €
TOTAL	4.114.885,00 €

Para facer fronte ao gasto do contrato o Concello comprométese a incluír nos seus orzamentos o crédito necesario.

Previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de Goberno Local, deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral.

Durante a prórroga os subministros e o pago dos mesmos faranse nas mesmas condicións que figuran no contrato, polo que non resulta necesario reaxustar as garantías do contrato.

A vista dos documentos que obran no expediente respecto da prórroga do contrato, este Servizo de Enerxía, faille á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA:

- 1º.- Aproba-la prórroga do contrato de subministro de Enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións electromecánicas do Concello de Vigo asinado con GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. por un prazo igual ao do contrato (1 ano) cos mesmos prezos por tarifa do contrato, indicados no cadro do informe antecedente, aos que se lle aplicará a baixa do 7,86 % ofertada pola empresa adxudicataria.
- 2º.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato de subministro de Enerxía eléctrica por un total de 4.114.885 euros (IVE engadido), para o ano 2015 e coa imputación indicada no informe antecedente.

A presente resolución comunicárase ao servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1314).- APROBACIÓN DA OCUPACIÓN DIRECTA PARA DESTINAR A VIARIO PÚBLICO DA “PARCELA A”, SITA NA RÚA LÓPEZ MORA Nº 1 E ORDENAR O LEVANTAMENTO DA ACTA DE OCUPACIÓN DA PARCELA. EXPTE. 5109/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/10/14, do técnico de Admon. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

"I.- ANTECEDENTES

1.- Reprodúcense, en tanto son coincidentes, os Antecedentes do informe da Resolución da Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de 06.08.2014:

"1.- O 14.11.2013, D. Jaime Morán Fuente presentou un escrito no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (DOC. 130133096), solicitando a iniciación do procedemento para a ocupación directa da parcela sita na rúa López Mora, 1, achegando copia do título de propiedade e dunha escritura de poder ao seu favor outorgada polo seu irmán, D. Virgilio Morán Fuente.

No citado título, consta que a parcela é de titularidade indivisa a partes iguais dos tres irmáns D. Jaime, D.^a Olga e D. Virgilio Morán Fuente.

2.- O 15.11.2013, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ordenou o inicio do procedemento, por Resolución da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 05.12.2013.

3.- O 09.12.2013, o delineante municipal emitiu informe de inspección da vivenda, no que se reflicte o estado da mesma, e se acompaña información gráfica e fotografías de detalle do seu estado.

4.- O 11.12.2013, o técnico que subscribe persoouse no domicilio de D. Jaime Morán Fuente, ao obxecto de entregarlle copia da acta de inspección indicada no apartado anterior.

No citado acto, do que se levantou dilixencia nos termos que obran no expediente, D. Jaime Morán Fuente, como copropietario e representante doutro dos copropietarios (D. Virgilio Morán Fuente), autorizou ao Concello de Vigo a tomar posesión anticipada da finca para levar a cabo obras de derrubamento da edificación, entregando as súas chaves de acceso. O día 12.12.2013, recabouse a sinatura de consentimento no domicilio da terceira dos copropietarios, D.^a Olga Morán Fuente.

Na mesma data, entregáronse na Área de Fomento as chaves das edificacións sitas na rúa López Mora 1 e 3, segundo consta na dilixencia que obra no expediente, a fin de que por ese departamento se acometesen as obras de ampliación do viario público que motivan as ocupacións.

5.- O 17.12.2013, o delineante municipal cursou visita de inspección, e segundo fixo constar no seu informe de 14.01.2014, as obras de derrubamento das edificacións da rúa López Mora 1 e 3 xa tiñan comezados; así mesmo, constatou que a placa cerámica conmemorativa co rótulo da rúa López Mora fora retirada previamente.

O 17.01.2014, o director facultativo das obras municipais de "Acondicionamento e mellora do entronque do Camiño Pazos coa rúa López Mora" emitiu informe sobre a

finalización no mes de decembro das obras de derrubamento das tres vivendas en ruínas sitas nos números 1 e 3 da rúa López Mora (indicando que se correspondían cos números 6 e 8 do Camiño Pazos, respectivamente).

6.- O 11.04.2014, a xefa de Patrimonio Histórico, en resposta a un oficio do técnico que subscribe consultando o paradiro e tratamento da placa conmemorativa, informa de que a mesma se atopaba depositada no Museo Quiñones de León, á espera da autorización autonómica para a súa restauración, que segundo manifesta fora solicitada coa remisión á Consellería de Cultura de dous exemplares do proxecto para os traballos de retirada, redactado pola empresa "Restauración & Conservación ARA, S.C."

O día 14.04.2014 (DOC. 140047970) tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo a notificación da resolución da directora xeral de Patrimonio cultural, autorizando o citado proxecto.

7.- O 02.06.2014, a arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión emitiu un informe-memoria sobre a ocupación directa da parcela sita na rúa López Mora, 1, que inclúe como anexos planos de situación no PXOM e levantamento topográfico, e copias da resolución de incoación do procedemento, da ficha de xestión do PXOM da «AOD A-4-73 PAZOS», consulta catastral descritiva e gráfica, copia da nota simple e copia da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de autorización do proxecto de retirada, restauración e traslado da placa cerámica conmemorativa da rúa López Mora."

2.- A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, na resolución cuxos Antecedentes se reproducen no apartado anterior -da que tomou coñecemento o Consello da XMU en sesión ordinaria de 19.09.2014- ordenou que se procedese á apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de editos da XMU, no que se publicase o anexo adxunto, do seguinte contido literal:

«ANEXO: OCUPACIÓN DIRECTA DA FINCA SITA NA RÚA LÓPEZ MORA, 1

A.- RELACIÓN DE TERREOS A OCUPAR

A finca a ocupar para a mellora do viario público está situada na rúa López Mora, 1, dentro do ámbito con ordenación detallada «AOD A-4-73 PAZOS», e correspóndese cos terreos delimitados pola parcela que tiña a referencia catastral n.º 2254807NG2725S, coa seguinte descrición, consonte o informe técnico da arquitecta municipal de 02.06.2014:

Parcela A:

- Superficie a ocupar: 113,40 m² (totalidade da parcela)*

- *Descrición no título de propiedade: “Casa de baixo y piso, señalada con el número 105 de la calle de Pi y Margall, hoy número 1 de la calle de López Mora, con el resalido en la parte posterior, formando todo una sola finca, que mide ochenta y nueve metros, noventa y ocho decímetros cuadrados, en el nombramiento de Peniche. Limita por el Oeste, o frente, con dicha calle López Mora, por el Este, o espalda, antigua carretera de Bayona, Sur, o derecha, entrando, casa de Concepción Giráldez, separada por un muro medianero, y, por el Norte, o izquierda, sendero de pies que le separa del terreno del Sr. Cadabal”.*
- *Inscrita no Rexistro da propiedade de Vigo n.º 5, Folio 233, tomo 35 de Vigo, Finca 2631, triplicado, inscripción 15ª, a nome de D. Jaime Morán Fuente, D.ª Olga Morán Fuente e D. Virgilio Morán Fuente, cada un deles titular do 33,3333% do pleno dominio por título de herdanza con carácter privativo, coa seguinte descrición, segundo nota simple expedida o 22.11.2004: «Municipio: VIGO. Naturaleza de la finca: CASA. Vía Pública: CALLE LÓPEZ MORA. Número: 1. Superficie: Terreno (89,9800) m2. LINDEROS: Norte: O SEA IZQUIERDA ENTRANDO, CON SENDERO DE PIES QUE LE SEPARA DE TERRENO DE VIÑA DEL SEÑOR CADAVAL. Sur: O DERECHA, CASA NÚMERO NOVENTA Y CINCO DE CONCEPCIÓN GIRÁLDEZ Y DE LA QUE LE SEPARA UN MURO DE MEDIANERÍA. Este: O ESPALDA, ANTIGUA CARRETERA DE BAYONA. Oeste: O FRENTE, TEMBIÉN CARRETERA QUE DE VIGO, CONDUCE A LA GUARDIA. Desc.: CASA DE BAJO Y PISO.»*
- *A edificación foi derrubada no mes de decembro de 2013, segundo consta no informe emitido o 17.01.2014 polo director facultativo da obra de “Acondicionamento e mellora do entronque do Camiño Pazos coa rúa López Mora” (exp. 2488/443).*

B.- PROPIETARIOS AFECTADOS

A finca é de titularidade de D. Jaime, D.ª Olga, e D. Virgilio Morán Fuente, titulares a partes iguais en proindiviso do pleno dominio (33,3333% cada un).

Título de propiedade: escritura de manifestación e adxudicación de herdanzas outorgada o 19.05.1988 perante o notario D. Alberto Casal Rivas, obrante ao número 1.918 do Protocolo da súa razón.

C.- APROVEITAMENTO URBANÍSTICO E ÁMBITO NO QUE SE FARÁN EFECTIVOS OS DEREITOS DOS TITULARES

O aproveitamento urbanístico materializarase no propio ámbito onde está incluída a finca, a «AOD A-4-73 PAZOS», e estará afecto ás obrigas e deberes dos propietarios na Xunta de Compensación:

- *Parcela A: correspóndenlle 280,56 m² de aproveitamento urbanístico»*

No citado acordo ordenábase tamén que se solicitase un certificado rexistral de dominio e cargas da parcela de referencia. O 08.09.2014 a rexistradora titular do Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo expediu certificación da parcela rexistral n.º 2.631 (parcela denominada "A"), na que se fai constar que a parcela se atopa libre de cargas.

6.- No período de información pública, aberto por prazo de 20 días por anuncio publicado no BOP n.º 161, de 22.08.2014 e no taboleiro da Xerencia Municipal de Urbanismo entre o 12.08.2014 e o 19.09.2014, non se presentou ningún escrito de alegacións, segundo certificado expedido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo o 27.10.2014.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; BOE n.º 196, de 15.07.1955 (RSCL)

- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- Conceptualización xurídica da ocupación directa

A figura da ocupación directa é controvertida; parte da doutrina considera que se trata dun instrumento de xestión urbanística (non en van, foi positivizada na súa orixe no RXU), e outra parte considera que se trata dunha institución expropiatoria (por ter por obxecto a privación coactiva de bens inmobles) polo que a seguir analizarase a evolución da figura a fin de adoptar a tese que se considere máis axeitada:

A.1.- Tal e como se formulou nos arts. 52 e seguintes do RXU -norma de desenvolvemento do Real decreto 1346/1976, de 9 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana-, conceptuábase a ocupación directa coma un instrumento de xestión urbanística, de uso potestativo pola Administración, que arbitraba un modo de adquisición alternativo á expropiación forzosa de terreos destinados a sistemas xerais, mediante a substitución forzosa dos terreos a ocupar por aproveitamentos urbanísticos de polígonos excedentarios, que requiría a concorrencia dos seguintes requisitos habilitantes:

- *que os terreos a ocupar estivesen destinados a sistemas xerais da ordenación urbanística comprendidos nun Plan parcial ou especial*
- *que se tivese iniciado o procedemento de reparcelación ou compensación do polígono no que se vaian a facer efectivos os dereitos dos propietarios dos terreos a ocupar*
- *que o polígono onde se vaian a facer efectivos os dereitos dos propietarios teña exceso de aproveitamento en relación ao de todo o solo urbanizable programado*
- *que o aproveitamento recoñecido aos propietarios das fincas ocupadas se faga efectivo nun só polígono ou, de non ser posible, no menor número destes*

Os arts. 53 e 54 detallan o procedemento a seguir para a ocupación directa, reiterando o art. 55 a posibilidade de acudir tanto á ocupación directa como ao instituto expropiatorio para a obtención dos terreos destinados a sistemas xerais.

A.2.- A Disposición Final Segunda da Lei do solo 8/1990, de 25 de xullo, sobre reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo, autorizaba ao Goberno a aprobar un Texto que refundira as disposicións estatais vixentes sobre solo e ordenación urbana, autorización que foi rehabilitada por vencemento do prazo pola Disposición Final Quinta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os Orzamentos xerais do Estado para 1992.

O Real decreto legislativo 1/1992, de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (TRLS'92) -ditado en cumprimento dos mandatos legais indicados no parágrafo anterior-, recollía a ocupación directa no seu art. 203, trasladado directamente da Lei do solo 8/1990 excepto no seu apartado 1, establecendo que se entendía

por ocupación directa a obtención de terreos afectos polo planeamento a dotacións públicas, mediante o recoñecemento ao seu titular do dereito a integrarse nunha unidade de execución con exceso de aproveitamento real.

Como requisitos habilitantes esixía a previa determinación pola Administración actuante dos aproveitamentos urbanísticos susceptibles de adquisición polo titular do terreo a ocupar e da unidade de execución con aproveitamento real excedentario no que haberían de facerse efectivos tales aproveitamentos.

O art. 203.3 recolle o procedemento para a ocupación directa -se ben con carácter de mínimos, con remisión ás determinacións da lexislación urbanística-, que se completa co disposto no art. 204, que se ben circunscribe o seu obxecto ás ocupacións temporais, na súa redacción estende a súa aplicabilidade ás ocupacións reguladas no artigo anterior. Establecía que os propietarios afectados polas ocupacións teñen dereito a ser indemnizados polo tempo que medie entre a ocupación e a aprobación definitiva do instrumento de redistribución correspondente, indicando que o transcurso do prazo de 4 anos sen que se tivera producido a aprobación do citado instrumento, previa advertencia con 6 meses de antelación, os afectados quedan facultados para iniciar o expediente de prezo xusto propio da institución expropiatoria.

A.3.- A Lei 1/1997, de 24 de marzo do solo de Galicia (LSG), sen prexuízo de que foi aprobada con posterioridade ao ditado da STC 61/1997, de 20 de marzo, por motivos temporais a súa formulación responde aos momentos anteriores á súa promulgación, polo que a efectos sistemáticos resulta axeitado o seu estudo previo.

A LSG recollía no seu art. 152 as modalidades para a obtención do solo dotacional, relacionando a expropiación forzosa e a ocupación directa, que resultarían aplicables en todo caso, e a cesión obrigatoria e gratuíta, sempre que os terreos estivesen incluídos ou adscritos en áreas de reparto.

O concepto e o procedemento de ocupación directa recollíanse no art. 154, cunha previsión idéntica ao art. 203 do TRLS'92, excepto no referente aos requisitos previos habilitantes da súa utilización, esixindo a previa aprobación da delimitación do polígono no que, por exceder o seu aproveitamento real do apropiable polo conxunto de propietarios inicialmente incluídos no mesmo, se farían efectivos os aproveitamentos que se recoñecesen ao titular dos terreos ocupados.

A.4.- A sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, de 20 de marzo, salvou da tacha de inconstitucionalidade por falta de competencia estatal os arts. 203 e 204 do TRLS'92 (Fundamento de Dereito 29), xa que, pese a recoñecer que se entrelazan na figura notas características da xestión urbanística e elementos propios da expropiación forzosa, debe entenderse a efectos constitucionais que predomina a configuración dunha singular modalidade expropiatoria, na que concorre unha dobre singularidade:

- dunha parte, que a ocupación se realiza sen o previo pagamento do prezo xusto, ao igual que ocorre na expropiación de urxencia (arts. 52 e concordantes da Lei de expropiación forzosa)*
- e de outra, que o prezo xusto non consiste aquí no abono dunha indemnización líquida como equivalente económico do terreo ocupado, senón na adxudicación ao propietario*

do aproveitamento urbanístico patrimonializado para que o faga efectivo nunha unidade de execución con exceso de aproveitamento real

Entende o TC que na ocupación directa existen algunhas das notas inherentes á estrutura esencial da potestade administrativa expropiatoria, a saber: unha privación singular e coactiva de dereitos patrimoniais mediante a substitución polo seu equivalente económico (neste caso, pola indemnización do aproveitamento urbanístico correspondente), e que se efectúa a través dun procedemento formal.

Así mesmo, trátase dun procedemento reconducible nun procedemento expropiatorio de transcorrer os prazos previstos no art. 204.2 do TRLS'92 sen que se produza a aprobación definitiva do instrumento redistributivo da unidade de execución excedentaria que permita ao propietario ocupado facer efectivo nesta o seu aproveitamento urbanístico.

Indica o TC que “[...] Esta posibilidad de reconducción a la expropiación pone de relieve que, en lo que aquí interesa, no nos hallamos en presencia de una simple técnica de gestión urbanística arbitrada por el legislador estatal, sino ante una determinación legal para habilitar una modalidad expropiatoria, como alternativa a la expropiación [...]”, para cuxa formulación o Estado se atopa lexitimado polo art. 149.1.18º da Constitución Española, que atribúe competencia exclusiva ao Estado en materia da lexislación sobre expropiación forzosa.

A.5.- As escasas disposicións vixentes do TRLS'92 tras a STC 61/1997 atópanse derogadas na actualidade; primeiro, foron selectivamente derogadas pola Disposición derogatoria única da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (LS 1998), e despois pola Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo (LS 2007) -que derogou á súa vez á LS 1998-.

O resto do TRLS'92 foi refundido posteriormente xunto coa LS 2007 no TRLS'08, que derogou ambas normas na súa Disposición derogatoria única, indicando na Disposición adicional única que “Las referencias normativas efectuadas en otras disposiciones al Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de junio, por el que se aprobó el Texto Refundido de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana y a la Ley 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo, se entenderán efectuadas a los preceptos correspondientes del Texto Refundido que se aprueba.”

A.6.- Existen múltiples sentenzas que anulan procedementos de ocupación directa pola derogación do TRLS'92 operada pola Lei 6/1998; por todas, STS de 17.03.2009 (RJ\2009\3083), que reconece que a ocupación directa como modalidade expropiatoria na que se paga o prezo xusto en especie require do consentimento do expropiado, en aplicación do entón art. 37 da LS 6/1998, recollido hoxe no art. 30.1 do TRLS'08.

Cabe destacar a STS de 12.12.2000 (RJ\2001\551), que pese a declarar nulo un procedemento de ocupación directa, e conter a referencia xurisprudencial da inoperancia do sistema de ocupación directa, contén consideracións que resultan dignas de mención:

- en primeiro lugar, avala a tese do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria (STX Cantabria de 22.02.1996), sobre a posibilidade de coexistencia nun único procedemento dos sistemas de ocupación directa e de expropiación forzosa, cando sinala que “[...] determinados recurrentes ven expropiada la industria o la vivienda que se encuentran en su parcela, mientras que el suelo sobre el que se asientan se obtiene por ocupación directa, lo cual es no solamente factible jurídicamente, sino que es la única alternativa*

posible, ya que nunca podría obtenerse por ocupación directa ni una vivienda ni una industria, puesto que **dicho sistema es válido tan sólo para la obtención del suelo**, por la propia definición legal del mismo, de tal forma que las construcciones que se encuentran en la misma sólo pueden adquirirse por expropiación forzosa[...]"

- en segundo lugar, recoñece a operatividade da institución coa aprobación de lexislación autonómica que dea cobertura á institución da ocupación directa

Porén, esta sentenza dirime unha controversia anterior á derogación da ocupación directa na normativa estatal, o que en consideración da doutrina supón a falta de norma estatal habilitante para que as CC.AA. regulen a aplicación e regulación procedimental da mesma.

No procedemento substanciado no presente expediente, non existe privación coactiva da titularidade dos terreos, senón que se tramita de forma conveniada coa propiedade, de forma que non resultou preciso proceder á expropiación forzosa da edificación para a ampliación do viario; tal e así, que os titulares transmitiron a posesión da parcela e autorizaron expresamente ao Concello de Vigo -documento de 11.12.2013, completado o 12.12.2013- a que no marco do presente procedemento se executase de forma anticipada o derrubamento da edificación para a ampliación do viario público. No procedemento prevese, así mesmo, que a perda das edificacións será indemnizada con cargo ao proxecto de compensación do ámbito.

A.7.- O TRLS'08, sen prexuízo da mención como suposto indemnizable da ocupación de terreos no art. 35.e, non regula a figura da ocupación directa, polo que a súa aprobación determinou a desaparición da figura como instrumento expropiatorio, segundo fora conceptualizada a ocupación directa polo Tribunal Constitucional na STC 61/1997.

En consecuencia, cabe predicar que a ocupación directa na súa orixe foi conceptualizada coma unha forma de obtención coactiva dos terreos precisos para o desenvolvemento urbanístico, se ben perdeu a nota da coactividade por mor da supresión da figura de natureza expropiatoria na lexislación estatal que lle outorgaba cobertura constitucional, transformándose nun instrumento de xestión ao arbitrio das previsións contidas na normativa urbanística autonómica.

A.8.- A LOUGA contempla para o ámbito da Comunidade autónoma de Galicia a figura da ocupación directa, como instrumento de xestión urbanística, no seu art. 169, do seguinte teor literal:

"1. Se entende por ocupación directa la obtención de terrenos destinados a sistemas generales y dotaciones públicas locales mediante el reconocimiento a su titular del derecho al aprovechamiento en el polígono al que se vincule.

2. La ocupación directa requiere que esté aprobada la ordenación pormenorizada, tanto de los terrenos a ocupar, con determinación del aprovechamiento que corresponda a sus propietarios, como del polígono en que hayan de integrarse."

B.- Procedemento para a ocupación directa

B.1.- O procedemento para a ocupación directa ven recollido no art. 170 da LOUGA, que indica que o procedemento se substanciará consonte as seguintes regras, axustándose ás disposicións regulamentarias que se diten:

- a Administración urbanística publicará no BOP a relación de terreos e propietarios afectados, os aproveitamentos urbanísticos correspondentes a cada un deles e o polígono no que se farán efectivos os seus dereitos, con notificación simultánea da ocupación prevista e o resto de circunstancias relevantes aos propietarios e titulares de dereitos de contido económico sobre os terreos
- abrírase un período de información pública durante o prazo de 20 días, e solicitarase de forma simultánea certificación de dominio e cargas ao Rexistro da propiedade, así como a práctica dos asentos que procedan
- transcorridos 20 días dende a notificación ou a publicación, poderá levarse a cabo a ocupación, levantándose acta na que se farán constar, polo menos, o lugar e data de outorgamento, a identificación dos titulares dos terreos a ocupar ou dos dereitos sobre estes e a súa situación rexistral, a superficie a ocupar e o aproveitamento urbanístico que lle corresponda, así como o polígono no que se fará efectivo o aproveitamento
- no caso de propietarios descoñecidos, non comparecentes, incapacitados sen persoa que os represente, ou cando se trate de propiedades litixiosas, entenderanse as actuacións co Ministerio Fiscal
- o concello expedirá a favor de cada un dos propietarios dos terreos ocupados certificación da acta de ocupación, remitindo unha copia da certificación, acompañada do correspondente plano, ao Rexistro da propiedade para inscribir a superficie ocupada a favor do concello, nos termos que resulten da lexislación estatal aplicable
- transcorridos catro anos sen que se teña procedido á execución do planeamento no polígono onde os propietarios tivesen sido integrados, estes terán dereito a esixir da Administración que se inicie o expediente expropiatorio dos seus terreos, nos termos e co procedemento indicado no art. 99 da LOUGA para as expropiacións por Ministerio da Lei

O art. 169.2 prevé que os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial afectados polas ocupacións directas terán dereito a ser indemnizados, nos termos establecidos na lexislación estatal sobre expropiación forzosa que resulte aplicable, polo período que medie dende a ocupación até a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución; en termos análogos, o art. 35.e do TRLS 2008.

A indemnización a que se fai referencia non é outra que a contemplada no derogado art. 204 do TRLS'92 pola ocupación temporal dos terreos; a LEF prevé no seu art. 115 -en relación co art. 112- que a valoración da ocupación temporal se limitará á apreciación dos rendementos que o propietario tivese deixado de percibir polas rendas vencidas durante a ocupación, agregando os prexuízos causados na finca ou os gastos que supoña restituíla ao seu primitivo estado, que en ningún caso deberá alcanzar o valor da finca.

No presente expediente, non existían arrendamentos sobre os terreos a ocupar, polo que non cabe indemnización en tal concepto; indemnización que, en todo caso, quedaría diferida a un momento posterior.

Así mesmo, a ocupación directa ten carácter definitivo, polo que non procede indemnización algunha polos prexuízos causados na finca ou o custe da súa reposición ao seu estado anterior,

conceptos indemnizatorios previstos para a ocupación temporal que carecen de aplicabilidade á ocupación directa obxecto do presente expediente.

B.2.- Pola súa banda, o RLHU regula o procedemento para a inscrición no Rexistro da propiedade das fincas e dos aproveitamentos no caso de ocupación directa, indicando que será título inscribible a certificación na que consten as seguintes circunstancias (art. 42.1):

«

- a. Lugar y fecha en que se levanta la ocupación.
- b. Determinación de la Administración actuante y transcripción del acuerdo de ocupación.
- c. Datos de identificación de los titulares de derechos sobre las fincas ocupadas.
- d. Circunstancias de las notificaciones realizadas a dichos titulares y especificación de que ha transcurrido el plazo establecido por la Ley para formular alegaciones.
- e. Descripción de las fincas o partes de fincas objeto de ocupación junto con plano de las mismas, sus datos registrales, la superficie ocupada, las unidades de aprovechamiento que le correspondan y la unidad de ejecución donde han de hacerse efectivos estos aprovechamientos.»

A certificación deberá expresar, así mesmo, o uso para o que foi ocupada de forma directa a parcela, a fin de que sexa inscrita a parcela a favor da Administración actuante coa súa afectación ao mesmo, consonte o disposto no art. 43.3 do RLHU, así como os dereitos que graven a parcela ocupada que, por razón da súa natureza, non poden ser estendidos sobre o aproveitamento urbanístico que se inscribirá en folio independente aberto a tal efecto.

A parcela a ocupar atópase libres de cargas, tal como consta na certificación rexistral de 08.09.2014, así como de arrendamentos, polo que non existen cargas que deban gravar o aproveitamento urbanístico que se desagrega do terreo ocupado sobre as que se deba pronunciar a Administración ocupante.

B.3.- O aproveitamento urbanístico que se desagrega do solo a ocupar materializarase no propio ámbito no que se sitúan os terreos, isto é, na «AOD A-4-73 PAZOS»; en consecuencia, non se produce unha transferencia de aproveitamentos urbanísticos dun polígono excedentario, senón que se recoñece á propiedade o mesmo aproveitamento susceptible de apropiación que corresponde á superficie ocupada.

Os propietarios contribuirán nos beneficios e cargas do desenvolvemento do ámbito en proporción ao seu aproveitamento, nos termos dos arts. 20, 131 e 132 da LOUGA, en relación co art. 9 do TRLS'08.

B.4.- Tocante á indemnización que puidera corresponder á propiedade pola desaparición da edificación que había na parcela, incompatible coas obras de ampliación do viario a executar na parcela, segundo o indicado no parágrafo 4º do punto 9 do informe-memoria da arquitecta municipal de 02.06.2014, “[...] deberá ser analizada e custeada pola Xunta de Compensación como un custe de urbanización, recollendo dita indemnización, no caso de que proceda, no Proxecto de Compensación correspondente [...]”.

As obras de demolición das vivendas, así como as de acondicionamento a viario público que motivan a ocupación directa, tal e como indica o art. 116 da LOUGA, en canto resulten útiles

para a execución da ordenación detallada do ámbito, poderán así mesmo ser consideradas como obras de urbanización con cargo ao proxecto de equidistribución.

Tal e como se indica nos Antecedentes e no informe-memoria da arquitecta municipal antes referido, a vivenda sitas en rúa López Mora, 1 foi derrubada en decembro de 2013 polo Concello de Vigo -xunto coas existentes en rúa López Mora, 3-, e xa se produciu a alteración catastral da baixa do inmovible por incorporación dos terreos ao viario público, por acordo de 08.04.2014 do Subxerente Territorial do Catastro de Vigo, con efectos a 21.12.2013.

C.- Cumprimento de trámites

C.1.- O presente procedemento foi instruído contemplando as regras contempladas no art. 170.1.a e 170.1.b da LOUGA.

A Resolución de apertura do período de información pública, xunto con copia do informe-memoria elaborado pola arquitecta municipal o 02.06.2014, notificouse en forma persoal á propiedade da parcela por oficio do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de 08.08.2014 (n.º saída 10709-2014, recibido o 08.08.2014), e notificouse da mesma forma á Xunta de Compensación do PERI PAZOS (n.º saída 10717-2014, recibido o 18.08.2014); así mesmo, solicitouse do Rexistro da propiedade certificación de dominio e cargas da parcela, que foi expedida o 08.09.2014.

En cumprimento do ordenado na citada Resolución, publicouse no BOP de Pontevedra n.º 161, de 22.08.2014, o anuncio da apertura do período de información pública por 20 días, así como o Anexo transcrito no apartado 2 dos Antecedentes do presente informe, que contén os datos indicados no art. 170.1.a da LOUGA.

C.2.- Tendo transcorrido con amplitude o prazo de 20 días dende a notificación e dende a publicación indicada no apartado anterior, procede, de conformidade co disposto no art. 170.1.c da LOUGA, en relación co disposto no art. 42.1.b do RLHU in fine, que polo órgano competente se dite acordo polo que se aprobe a ocupación directa.

Do acto de ocupación levantarase acta, co contido mínimo indicado no art. 170.1.c da LOUGA:

- lugar e data de outorgamento*
- identificación dos titulares dos terreos a ocupar ou de dereitos sobre estes, e a súa situación rexistral*
- superficie a ocupar e aproveitamento urbanístico que lle corresponda*
- polígono onde se fará efectivo este aproveitamento*

C.3.- Da acta de ocupación emitirase certificación polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, na que se farán constar os datos e circunstancias indicados no art. 42.1 do RLHU, transcritos na Consideración B.2. do presente informe.

Unha copia da certificación entregárase á propiedade da parcela ocupada, e outra, acompañada do correspondente plano, remitírase ao Rexistro da propiedade para que practique as inscricións a que haxa lugar.

3.- COMPETENCIA

É competente para o ditado da resolución que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, consonte o disposto no art. 127.1.d da LBRL, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por prescrición dos vixentes Estatutos da XMU (arts. 10.1.d e 10.1.j).

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a ocupación directa, con destino a viario público, da totalidade da parcela sita no número 1 da rúa López Mora, denominada no presente procedemento como “parcela A” -hoxe sen referencia catastral por ter sido incorporada a viario público-, que se corresponde coa parcela rexistral n.º 2.631 do Rexistro da propiedade n.º 5 de Vigo, cuxa edificación foi demolida polo Concello de Vigo no mes de decembro de 2013, segundo consta na certificación de 17.01.2014 do director facultativo da obra, Sr. Crespo Casal.*

Consonte o indicado no informe-memoria da arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión de 02.06.2014, aos terreos ocupados correspóndelles 280,56 m² de aproveitamento urbanístico, a materializar polos titulares rexistrais, D. Jaime, D.^a Olga, e D. Virgilio Morán Fuente, no ámbito con ordenación detallada onde se atopa a parcela obxecto de ocupación, a «AOD A-4-73 PAZOS»; os titulares participarán nos beneficios e cargas do desenvolvemento do ámbito en proporción ao aproveitamento urbanístico que lles corresponde.

Así mesmo, os titulares percibirán a indemnización que no seu caso corresponda pola desaparición da edificación con cargo ao proxecto de compensación.

SEGUNDO: *Ordenar o levantamento da acta de ocupación da parcela, na que se contemplen as previsións contidas no art. 170.1.c da LOUGA.*

Levantada a acta de ocupación da parcela, emitírase a certificación prevista no art. 170.1.e da LOUGA, co contido preceptuado polo art. 42.1 do RLHU, da que se entregará unha copia aos propietarios dos terreos ocupados, remitindo outra en duplicado exemplar ao Rexistro da propiedade a fin de que inscriba as superficies ocupadas en favor do Concello de Vigo, e o aproveitamento urbanístico dimanante das mesmas en folio independente en favor de D. Jaime, D.^a Olga e D. Virgilio Morán Fuente, en proindivisión e cotas iguais, ao que se trasladarán todos os asentos vixentes da finca ocupada, de existir.

TERCEIRO: *Notificar o presente acordo á propiedade da parcela, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-*

administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos desde o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen pertinente».

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.”

O Consello da Xerencia de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 07/11/2014, acorda elevar á Xunta de Goberno Local a anterior proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1315).- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS POLA UTE CONSERVACIÓN VIGO (MOVEXVIAL S.L.-CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.) PARA RESPONDER DAS “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5000 E 5001/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 07/11/14, conformado polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

“Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 24 de outubro pasado, a UTE Conservación Vigo (Civisglobal, S.L. - Construcciones Crespo, S.A.) solicita a devolución das fianzas constituídas mediante cartas de pago números 201000058808 e 201000050806 con datas 7 de setembro de 2010 por importes de 81.360,00€ e 122.040,00€ respectivamente, para responder da execución das “obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias do Concello de Vigo”.

En relación con ditas solicitudes infórmase o seguinte:

1º.- O cambio de denominación da UTE obedece a que como se comunicou no seu día ao Concello, a mercantil Movexvial, S.L., cambiou a súa denominación pola actual de Civisglobal, S.L.

2º.- Ámbalas dúas solicitudes deben acumularse ao amparo do previsto no artigo 73 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por gardar identidade substancial e íntima conexión.

3º.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2010 acordou adxudicar o contrato das referidas obras á unión temporal de empresas formadas por Movexvial, S.L. (60% de participación) e Construcciones Crespo, S.A. (40% de participación).

O contrato foi asinado con data 30/09/2010. Ao mesmo achégase entre outra documentación, a oferta económica do contratista, na que figura o seu compromiso de estender o prazo de garantía a 60 meses que remata o 14 de outubro de 2018.

Sen embargo na acta de recepción das obras de data 14 de outubro de 2013 existe un erro material consistente en que fai mención a un prazo de garantía de un ano, que é o mínimo que

figuraba nas follas de características do contrato e que debe ser correxido polos motivos indicados.

Polo tanto non procede a devolución da fianza ata que, finalizado o prazo de garantía, se liquide o contrato.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local competente de conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que dite o seguinte acordo:

Rexeitar as solicitudes de devolución das fianzas constituídas pola UTE Movexvial, S.L. (actualmente, Civisglobal, S.L.) e Construcciones Crespo, S.A. para responder da execución do contrato de obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias do Concello de Vigo por non ter finalizado o prazo de garantía das obras de 60 meses a que se comprometeu na súa oferta económica.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1316).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POLO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA NO VIGO-ZOO. EXPTE. 5830/12.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/09/14, do director de Réxime Interior do OO AA municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, conformado pola presidente do mesmo, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido polo Organismo Autónomo VigoZoo (nº 5830/12) no que se solicita a devolución da garantía por unha contía de 14.660 euros, constituída para responder da prestación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo, cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Devolver a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.A (NIF A79252219) a garantía por unha contía de 14.660 euros, constiuída para responder das obrigas derivadas da prestación do servizo de vixilancia nocturna en VigoZoo, por se executaren conforme ao Prego de Cláusulas Administrativas que rexeu a contratación e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1317).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.